

# Toponimia de Cesantes


Xosé Couñago



CONCELLO DE  
REDONDEIRA



CONCELLO DE  
REDONDEIRA



© do texto e as fotos: Xosé Couñago  
**Impresión:** Imprenta Amador Pérez.  
**Deseño e maquetación:** David Rodríguez.  
**Edita:** Concello de Redondela.

**Dep. Legal:** VG 34-204

*Este libro publícase grazas á subvención  
dirixida aos concellos para as actividades de  
dinamización da lingua galega do ano 2023,  
convocada pola Deputación de Pontevedra.*





# TOPONIMIA DE CESANTES



**XOSÉ COUÑAGO**

Web Galicia Nomeada



Web Toponimia Redondela





# Prólogo

Galicia é un dos territorios con maior densidade toponímica de Europa. Este dato explícase pola orografía do terreo, o minifundismo e a súa dispersa ocupación humana.

A documentación da microtoponimia, como paso previo para a protección e conservación deste patrimonio inmaterial, é unha urxencia. Hai topónimos antiquísimos, con moitos séculos de existencia, que aínda viven na fala e toman forma na lingua galega.

Por esta causa, o Concello de Redondela deseñou un ambicioso proxecto para cumprir con este fin. Unha das liñas de actuación foi a recollida e publicación en formato libro da microtoponimia parroquia a parroquia. Este é o resultado.

O Concello de Redondela agradece o traballo dos axentes que participaron. Desexamos ter contribuído a salvagardar un anaco da nosa cultura e da nosa memoria popular.

Redondela, 2024



## Microtoponimia de Cesantes

### Abilleira/Abelleira (Outeiro das Penas)

Este topónimo presenta dúas pronunciacións diferentes: Abelleira e Abilleira.

Como palabra derivada da forma estándar ‘abella’, a esperada é Abelleira. Mais na área dialectal en que nos atopamos, é normal o paso dun ‘e’ átono a ‘i’: millor, pior, pidir... Polo tanto, podemos concluir que as dúas formas Abelleira e Abilleira son correctas, a primeira estándar e a segunda dialectal. A palabra abella provén do latín *apicula* ‘abella pequena’, que procede da base latina *apis* (apicultura, apicultor) á que se lle engadiu o sufixo diminutivo latino *-ulu* / *-culu*.

A terminación en *-eiro*, *-eira* procede do latín *-ariu*, *-aria*. Trátase dun sufixo moi empregado na derivación de palabras e que lles proporciona distintos significados; neste caso, para denominar lugares onde se encontran animais: tobeira, teixugueira, raposeira etc.

Os dicionarios galegos, a partir do de Juan Piñeiro Cuvíol de 1876, xa rexistran a forma “abilleira”, unhas veces como voz única e outras como variante de “abelleira”. Nas definicións que parecen nos diferentes dicionarios podemos observar dous significados distintos, mais, ao mesmo tempo, relacionados entre si.

Por unha banda, no dicionario da real Academia Galega aparece definido como niño de abellas; por outra banda, nalgúns dicionarios

históricos, a abelleira sería unha das denominacións galegas para colmeiar, lugar poboado de colmeas para as abellas.



## Agrelo (O Coto)

Este topónimo é un derivado diminutivo da palabra agro, que ten a súa orixe no latín *agru* 'campo'. A esta base léxica engadíuselle o sufixo diminutivo latino *-ellu*. Agrelo, polo tanto, facía referencia, nun principio, á existencia neste lugar dun agro pequeno.




Durante os primeiros séculos da implantación do latín no territorio galaico, o sufixo diminutivo predominante era -elo, -ela, aínda hoxe con notable presenza na nosa toponimia, mais a partir do século XI o sufixo diminutivo predominante pasou a ser -iño, -iña, hoxe en día xa case única na derivación de calquera palabra ao seu correspondente diminutivo.

A antigüidade do topónimo Agrelo evidénciase así, xa que, se fose posterior á Idade Media, se denominaría Agriño.

En Cesantes temos outros topónimos antigos construídos con este sufixo -elo, como O Barcelo ou A Rochela.

En Galicia temos rexistrados máis de douscentos topónimos coa denominación Agrelo, tanto en masculino como en feminino Agrela.

Este lugar de Agrelo xa aparece rexistrado en documentos de Cesantes do século XVI: *Memorial de bens de San Pedro de Cesantes pertencentes a Baiona e Santa Clara*.



## As Ánimas (Outeiro das Penas)

Este topónimo nomea o lugar en que se atopa o peto de ánimas de Cesantes. A palabra ánima provén do latín homónimo *anima* 'alma'.



Os petos de ánimas son pequenas construcións de carácter relixioso que existen na maioría das parroquias de Galicia, vinculadas aos defuntos e o purgatorio.

Os petos de ánimas, tal como indica a primeira das palabras da súa denominación, conteñen unha rañura específica para introducir esmolas que sirvan para a celebración de sufraxios de ánimas nas igrexas para a consecución do ascenso ao ceo das almas dos defuntos da parroquia.

Estes petos de ánimas proveñen do cul-

to que a mediados do século XVI promoveu o Concilio de Trento para facilitar que as almas dos defuntos puidesen purgar os seus pecados antes de subiren ao ceo, rezando por elas ao pasar por diante deste pequeno templiño e depositar unha esmola para a súa salvación.

A maioría destas construcións relixiosas atópanse en encrucilladas, acaroadas a muros de vivendas ou cemiterios, ou no interior das igrexas. Normalmente teñen forma de fornelo e contan na parte superior cunha figura relixiosa salvadora das ánimas (Cristo, A Virxe ou un franciscano, como é o caso do que se atopa en Cesantes), e na zona inferior represéntanse varias figuras de almas penando no medio das chamas, normalmente representando distintos estamentos sociais. Tamén é frecuente a existencia dunha inscrición para mover o sentimento das persoas devotas. Neste peto de ánimas de Cesantes podemos ler o seguinte: “*Una lágrima por una muerte se evapora. Una flor sobre su tumba se marchita. Una oración por su alma la recoge el Señor*”.

En Redondela temos varios topónimos con esta referencia a lugares con presenza de petos de ánimas: o camiño das Ánimas en Chapela, a Casa das Ánimas en Cedeira ou o lugar As das Ánimas en Quintela.

## Antreleiras (O Carballiño)

Este topónimo formouse a partir da contracción Entre Leiras ou Entre as Leiras, e fai referencia como indica o seu nome a un lugar que queda no medio de leiras. Xa aparece rexistrado no século XVII, en 1672 nun documento titulado “*Concordia nun preito pola propiedade da herdade da “Entreleira” en San Pedro de Cesantes*”.


No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, aparece rexistrado como “Entre la Leira” e “Entre las Leiras”.

Unha leira é un terreo de plantación ao que tamén denominamos unha veiga ou mesmo un eido, con este significado.

Non hai unanimidade en canto á orixe desta palabra tan popular no noso vocabulario. Hai autores que lle atribúen unha orixe prerromana, posiblemente un celtismo a partir dunha forma anterior \**plarea* ‘chan’. Nas linguas célticas o p- inicial pérdese. Polo tanto, para algúns autores as nosas leiras entroncan co céltico *lar* ou *laria*, ‘terreo chairo’. En cambio, en latín este p- inicial non se perde e derivaría en \**planus* ‘campo, terra chaira’. En textos medievais galegos atopámola escrita como *larea*.



En Galicia aparece de forma abundante por todo o territorio baixo diferentes variantes derivadas como Leiro, Leirado, Leira-diño, Leiriña...



## O Areiro (Outeiro das Penas)

O topónimo Areiro, que na fala tamén se pronuncia como Arieiro, é un derivado da palabra *area*, ao que se lle engadiu o sufixo *-eiro*.

A palabra *area* ten a súa orixe no latín *arena*. Na evolución da palabra no noso idioma, o *-N-* intervocálico desaparece, como lles ocorre a moitas das palabras máis antigas da nosa lingua como *moeda* (lat. *moneta*), *lúa* (lat. *luna*), *soar* (lat. *sonare*).

A terminación en *-eiro*, *-eira* procede do latín *-ariu*, *-aria*. Trátase dun sufixo moi empregado na derivación de palabras e que lles proporciona distintos significados.




A maiores doutras posibles derivacións, no caso da palabra que nos concirne, Areeiro, o sufixo -eira engade sentido de abundancia ou colectivo, como en carballeira, trigueira, herbeiro etc.

Na súa orixe, podía nomear un terreo areoso, ou a un lugar con abundancia de xabre.


Este topónimo Areeiro tamén o atopamos na parroquia de Cedeira.

En Galicia aparece recollido en máis de oitenta lugares tanto na súa forma Areeiro, Areeira, como Arieiro, Arieira, centrados, curiosamente na provincia de Pontevedra.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo como O Areeiro ou O Arieiro.



11. ... Otrapieza de Monse ab...  
do Areeiro haze la ocuaa parte de un



13. ... Inapieza de monte  
alorio do Areeiro, haze vntexa

## O Arxón (Outeiro das Penas)



Un arxón é unha estaca que se crava ao carón dunha planta como as ervellas, os tomates e pementos, ou os feixóns e feixóns verdes para que medren ao seu redor e boten rama en altura. De acordo con esta definición, o topónimo probablemente se refira a hortas destinadas a este tipo de cultivo, habituais nas nosas leiras, e que contén con estas estruturas de madeira.

A palabra arxón é moi antiga no noso idioma, posiblemente de orixe prerromana, algúns autores propoñen que incluso poida ser precéltica.

En Galicia están rexistrados ao redor de vinte topónimos con este nome referidos a denominacións de terras.

## A Banda da Maré (O Coto)



Unha banda, entre outras acepcións, designa unha zona do territorio que está situado ao carón ou nas proximidades do mar, dun río ou de calquera outro referente na paisaxe, normalmente por oposición ao territorio que se atopa do outro lado.


A Banda da Maré nomea unhas propiedades que se encontran sobre a antiga marisma de Redondela, hoxe xa completamente aterradas.

En Cesantes está rexistrado o topónimo Banda do Norte, para referirse á zona norte da punta da praia.

En Redondela rexístranse os topónimos A Banda (Vilar de Infesta) ou A Banda do Río (Reboreda).

En Galicia aparecen rexistrados ao redor dun cento de topónimos relacionados con estes significados da palabra banda: Os Prados de Aquelabanda, A Outra Banda, O Monte Desabanda, a Revolta da Banda etc.

Este topónimo aparece no documento *Tres censos en Redondela*, de 1605, baixo a forma Banda de la Marea.



## Banda do Norte (Outeiro das Penas)

Unha banda, entre outras acepcións, designa unha zona do territorio que está situado ao carón ou nas proximidades do mar, dun río ou de calquera outro referente na paisaxe, normalmente por oposición ao territorio que se atopa do outro lado.

O topónimo Banda do Norte, refírese á zona norte do areal da punta da praia.

En Cesantes tamén está rexistrado Banda da Maré, que nomea unhas propiedades que se encontran sobre a antiga marisma de Redondela, hoxe xa completamente aterradas.

En Redondela rexístranse os topónimos A Banda (Vilar de Infesta) ou A Banda do Río (Reboreda).

En Galicia aparecen rexistrados ao redor dun cento de topónimos relacionados con estes significados da palabra banda: Os Prados de Aquelabanda, A Outra Banda, O Monte Desabanda, a Revolta da Banda etc.

## O Barcelo (O Carballiño)


O autor Gonzalo Navaza, na súa obra *Fitotoponimia galega* indica que o topónimo Barcelo sería unha variante de Bacelo, “talvez resultante da interferencia con outras familias léxicas”.

O bacelo é a videira nova ou a vara de videira cortada para plantar. A orixe desta palabra está no latín *bacellus*, palabra derivada, á súa vez, de *baculus* ‘bastón, estaca’. O sufixo diminutivo *-ellus* fai referencia ao seu tamaño pequeno.

Durante a Idade Media a palabra bacelo pasou a designar tamén, por extensión, o lugar plantado de bacelos e, polo tanto, plantación de viña. De aí que se lle chamase o Bacelo a un lugar plantado con viña e, co tempo, incluso a calquera terreo de cultivo.

En Galicia o topónimo máis estendido é O Bacelo, xunto co seu derivado Bacelar. A variante Barcelo alterna con Bacelo principalmente na provincia de Pontevedra.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



## A Barra (San Pedro)

Unha barra é un banco ou baixo de area na desembocadura dun río, que fai perigosa a navegación. En Redondela este topónimo localízase na zona de saída ao mar na Portela.





A orixe desta palabra é incerta, aínda que quizais podería ser prerromana, segundo Joan Coromines; mais outros autores consideran que podería provir do latín coloquial *\*barra* ‘obstáculo, divisoria’. Desta base provirían outras como barreira.

En Galicia existen numerosos lugares de mar e ríos denominados con este topónimo.

## **A Barreira (San Pedro)**

Esta palabra pode ter dous significados distintos. Por unha banda, pode referirse ao barro como arxila ou lama; por outra banda, pode ter un significado relacionado con obstáculo natural do terreo.


Co significado de arxila, a palabra barro posiblemente sexa prerromana. Co significado de barreira, desnivel do terreo, procedería do latín coloquial *\*barra* ‘obstáculo, divisoria’.

A terminación en -eiro, -eira procede do latín *-ariu*, *-aria* para calquera das dúas acepcións. Trátase dun sufixo moi empregado na derivación de palabras e que lles proporciona distintos significados. No caso da palabra que nos concirne, barreiro ou barreira, co significado de barro, o sufixo -eiro e -eira engade sentido de lugar topográfico onde existe barro; co significado de obstáculo o sufixo -eira tamén lle engadiría un significado locativo, de lugar onde se atopa ese obstáculo.

Este mesmo topónimo está rexistrado en Quintela e en Reboreda referido a lugares onde se atopa barro.

En Galicia o topónimo Barreira aparece recollido en máis de mil douscentos lugares, para calquera dos dous significados.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.




15. . . . . Unha Pexa de terra labradia  
de Regadio al sitio de Barreira haze

## Barreiros (San Pedro)

Este topónimo denomina os lugares onde existe barro. A palabra barro posiblemente sexa prerromana. A terminación en -eiro, -eira procede do latín *-ariu*. Trátase dun sufixo moi empregado na derivación de palabras e que lles proporciona distintos significados. No caso da palabra que nos concirne, barreiro, o sufixo -eiro engadiríalle un significado locativo, de lugar onde se atopa algo, como en canteira, pedreira, fronteira etc.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



A. . . . . Unha pexa de terra labradia  
de Regadio al sitio de Barreiros haze la octa


## Os Barreiros (San Pedro)



Este topónimo denomina os lugares onde existe barro. A palabra barro posiblemente sexa prerromana. A terminación en -eiro, -eira procede do latín *-ariu*. Trátase dun sufixo moi empregado na derivación de palabras e que lles proporciona distintos significados. No caso da palabra que nos concirne, barreiro, o sufixo -eiro engadiríalle un significado locativo, de lugar onde se atopa algo, como en canteira, pedreira, fronteira etc.

Os Barreiros é a zona da praia de Cesantes que se atopa entre o peirao e a Marina. Unha zona do areal, pouco apta para o baño, con abundante barro que a xente mesmo empregaba para estender polas pernas ou o corpo.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo, coa indicación da súa localización sobre a “Rivera mar” ao poñente.




## A Barronca (O Carballiño)

A palabra Barronca aparece en máis de cen lugares de Galicia para significar lugar en pendente pronunciada ou barranco. En Redondela temos este mesmo topónimo en Cedeira (Fortóns), O Viso (A Nogueira) e na propia vila (subida desde o río Alvedosa á vella estación).

A orixe deste topónimo é incerta. Distintos autores atribúenlle unha orixe prerromana á raíz *bar-* para este significado. Barronca sería unha variante de barranco, que tamén aparece con outras palabras por Galicia como Barronqueira ou Barrouco e Barrouca. Esta raíz *bar-* tamén aparece noutras variantes como A Barreira (Cesantes) co significado de desnivel ou obstáculo no terreo. Como palabra relacionada con barranco, en Redondela temos algúns exemplo como a Barranca de Covas (O Viso) e Costa da Barreira (Reboreda), posiblemente asimilable a este significado debido á pendente destes terreos.

No *Foro de Teresa de Sotomayor a favor de Juan Rodríguez, en Cesantes*, de 1635 xa aparece rexistrado este topónimo.




6. . . . . Bouza Fría alvino da  
Bouza Fría hazeferrado y medio de

## A Bouza Fría (San Pedro)



O topónimo Bouza é moi abundante en Galicia, con milleiros de aparicións por todo o noso territorio. Aparece baixo numerosas variantes (Bouzón, Bouciña, Boucela, Boucella, Boucido...) e en formas compostas (Bouza Fría, Bouza Longa, Bouza Boa, Bouciña Redonda...). Non obstante, a súa orixe é controvertida e incerta. Hai autores que lle atribúen unha orixe prerromana e outros unha orixe latina. Nos documentos medievais a forma máis habitual é Baucia ou Bautia. A palabra bouza fai referencia a terras incultas con vexetación de matogueiras ou monte baixo. O adxectivo “Fría” que acompaña a palabra refírese a ese aspecto negativo atribuído a este tipo de terras.

A partir da palabra bouza formáronse apelidos toponímicos de persoa como Bouzón, Bouzada, Bouzas etc.



... ..  
cocho que se dice de Bouza Fría



No *Memorial de bens de San Pedro de Cesantes pertencentes a Baióna e Santa Clara*, (1570-1587), xa aparece rexistrado este topónimo.

## Cabo da Serpe (Outeiro das Penas)




A palabra cabo fai referencia tanto á parte saínte da costa que se introduce no mar, coma á parte final ou remate dun determinado lugar, tanto sexa no mar coma ao final dun camiño ou dun lugar habitado. A orixe desta palabra está no latín *caput* ‘cabeza, extremo’.

A palabra serpe deriva do latín *serpens* ‘que se arrastra’. Esta é unha forma moi antiga no idioma, anterior á entrada da palabra serpente (do latín *serpente*). O significado desta palabra aplicado a este lugar é de difícil interpretación. Nalgúns sitios identifícase este nome pola presenza frecuente de serpes; tamén se asocia a lugares que poden encerrar algún tipo de perigo ou ameaza para as persoas; mais a serpe tamén é un animal moi presente no imaxinario popular, asociado ao mal e o demo a través da relixión, ou a seres míticos populares como son as mouras. Neste treito de costa entre Cesantes e Souto Xuste existe a lenda dunha moura que lles canta aos mariñeiros desde as rochas para avisarlles dun perigo no mar.

Tamén é antigo o seu sinónimo cobra ou cóbrega (do latín *colubra*), con perda do -L- intervocálico na súa evolución en galego (como en tantas outras palabras antigas no idioma como muiño < *molinu*, vixiar < *vigilare*, pau < *palu* etc.). Outra forma de chamarlle á serpe en galego é becha ou bicha. Todas estas palabras aparecen na toponimia en máis de cen lugares de Galicia: Cabo da Serpe (A Lama) Coto da

Veiga da Serpe (Campo Lameiro), Pozo da Serpe (Vigo), Pedra da Cobra (Candeán), Regueiro das Cobras (Baiona), Cova da Becha (Vigo).

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo identificándoo cunha devesa no “sitio da Serpe”.



25. - - Trapienza dedehera al sitio da Serpe  
haze medio fexado de Certeno en sembradu

## As Cacharelas (O Carballiño)

Referido á toponimia, como nome de propiedades, é unha palabra derivada do verbo cachar, co significado de preparar un terreo inculcto, xeralmente un monte, para cultivalo, ou labrar por primeira vez unha terra que antes non fora cultivada. Para algúns autores, o verbo cachar podería provir do latín coloquial *\*cascolare* ‘romper, crebar’; para outros autores proviría do latín coloquial *\*capulare*, que ten a súa orixe no latín *capulus* ‘rabela ou mango curvo do arado’.

Segundo o autor Gonzalo Navaza, a palabra cacharela é unha variante de *cachadela*, forma diminutiva de *cachada*.


Estas cachadas teñen a súa orixe nos terreos inculctos de monte ou matogueiras que se preparan -cachan- para o cultivo. Cando as necesidades de aumento de plantacións obrigaban a gañar novos terreos para o cultivo, cavábanse para poñelos a producir. Isto tivo lugar sobre todo a partir da chegada de novos produtos tras a conquista de América, principalmente as patacas e o millo.

Rotea ou Arrotea, Cavada, Cachada, Rozada, Noval, Vesada, Estibada, Asucada... son topónimos que conservamos na actualidade relacionados coas diferentes formas de chamarlle a ese traballo agrícola.

En Redondela existe o lugar da Cacharela en Cedeira e Reboreda, e O Cacharelo en Saxamonde.

En Galicia están rexistrados máis de oitenta lugares tanto en feminino como en masculino, a maioría deles na zona occidental do noso territorio. Todos os concellos da ría de Vigo, por exemplo, teñen estes topónimos rexistrados.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo na súa forma singular “A Cacharela”.



32. . . . O<sup>u</sup>ta<sup>u</sup>ña al sur de la Cacharela

## O Campiño (O Carballiño)

Este topónimo deriva da palabra “campo”, que ten a súa orixe no latín *campu*. O sufixo -iño engádelle un significado diminutivo, referido ao seu tamaño. A terminación -iño é un sufixo que procede do latín *-inu*. Durante os primeiros séculos da implantación do latín no territorio galaico, o sufixo diminutivo predominante era -elo, -ela, aínda hoxe con notable presenza na nosa toponimia (Campelo), mais a partir do século XI o sufixo diminutivo predominante pasou a ser -iño, hoxe en día xa case única na derivación de calquera palabra ao seu correspondente diminutivo.


A palabra campo designa calquera terreo de cultivo onde nace herba. É unha palabra que aparece innumerables veces na toponimia de Galicia.

Este topónimo pode presentarse como palabra única, en singular ou plural, e acompañada doutras palabras que lle engaden unha característica, unha localización ou unha relación de posesión.

En Cesantes temos exemplos destas formas diferentes: Campiño (con remate en sufixo diminutivo), Campo do Medio (localización con respecto a outras propiedades), Campos da Ribeira (localización nun espazo determinado), Campos Abertos (característica de non estaren pechados), Campo dos Frades (relación de propiedade).

As palabras campo, leira e veiga son as máis comúns para designar o lugar de plantación que rodea as casas e lugares. No noso concello, Campo é un dos topónimos máis numerosos. O diminutivo Campiño aparece na beiramar de Cesantes e en Quintela. Por outros lugares de Galicia atopamos variantes como Campelo (tamén diminutivo), Campeliño (con dobre sufixo diminutivo), Camposa, Campocelo, e en innumerables composicións como Campo da Longra (Cedeira), Campo da Roda (Reboreda), Campolongo, Campochán...

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



## O Campo do Medio (San Pedro)


A palabra campo provén do latín *campu*. Designa calquera terreo de cultivo onde nace herba. É unha palabra que aparece innumerables veces na toponimia de Galicia.

Este topónimo pode aparecer como palabra única, en singular ou plural, e acompañada doutras palabras que lle engaden unha característica, unha localización ou unha relación de posesión. Tamén pode aparecer con terminación diminutivas.

En Cesantes temos exemplos destas formas diferentes: O Campiño (con remate en sufixo diminutivo), Os Campos da Ribeira (localización nun espazo determinado), Os Campos Abertos (característica de non estaren pechados), O Campo dos Frades (relación de propiedade).

O substantivo Medio, que localiza este campo con respecto a outras propiedades, provén do latín *mediu* 'na metade'. En Redondela e no resto de Galicia aparecen topónimos compostos con este substantivo: As Leiras do Medio (Cedeira), A Veiga do Medio (Quintela); Morás do Medio (Arteixo), Os Castros do Medio (Mañón), A Fraga do Lombo do Medio (Mañón).

No Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



## O Campo dos Frades (O Carballiño)

A palabra campo provén do latín *campu*. Designa calquera terreo de cultivo onde nace herba. É unha palabra que aparece innumerables veces na toponimia de Galicia.

Este topónimo pode aparecer como palabra única, en singular ou plural, e acompañada doutras palabras que lle engaden unha ca-




racterística, unha localización ou unha relación de posesión. Tamén pode aparecer con terminación diminutiva.

En Cesantes temos exemplos destas formas diferentes: O Campiño (con remate en sufixo diminutivo), O Campo do Medio (localización con respecto a outras propiedades), Os Campos da Ribeira (localización nun espazo determinado), Os Campos Abertos (característica de non estaren pechados).

O substantivo Frades, que indica a propiedade do campo, provén do latín *frater* ‘frade, monxe’. En Redondela e no resto de Galicia aparecen máis de douscentos topónimos compostos con este substantivo: Poza dos Frades (Quintela), Camiño dos Frades (Quintela); A Roza do Marco do Frade (Guitiriz), O Val do Frade (Toén, Ourense), As Viñas dos Frades (Parada de Sil).

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, aparece rexistrado este topónimo como “sitio de los Frades”.







## Os Campos da Ribeira (Outeiro das Penas)


Este topónimo ten a súa orixe no latín *campu*. As palabras campo, leira e veiga son as máis comúns para designar o lugar de plantación que rodea as casas e lugares. No noso concello campo é un dos topónimos máis numerosos. A segunda parte da palabra fai referencia a unha localización do campo, preto da beira do mar, neste caso.

En Cesantes atopamos diversas formas do topónimo Campo: como diminutivo Campiño, ou en composición con outras palabras como Campo do Medio (localización con respecto a outras propiedades), Campos Abertos (característica concreta), Campo dos Frades (relación de propiedade).

Por outros lugares de Galicia atopamos variantes como Campe-lo (tamén diminutivo), Campeliño (con dobre sufixo diminutivo), Camposa, Campocelo, e en innumerables composicións como Campo da Longra (Cedeira), Campo da Roda (Reboreda), Campolongo, Campochán...

Unha ribeira é a franxa de terra que está ao lado dun río, dun lago ou do mar. Provéñ do latín *riparia* 'ribeira'. A terminación en -eiro, -eira procede do latín *-ariu*, *-aria*. Trátase dun sufixo moi empregado na derivación de palabras e que lles proporciona distintos significados; neste caso aplícase para designar a identificación tipográfica dun lugar.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo como O Campo da Ribeira, coa referencia ao lindeiro co mar polo poñente.



## O Cano (Outeiro das Penas)

Un cano pode referirse a varios conceptos. Pode nomear un leito artificial para que corra a auga (tamén se denomina unha canle, unha quenlla, ou unha cal), tamén pode designar calquera rego artificial

para a auga ou outros líquidos; e tamén pode nomear calquera tubo para conducir líquidos.

A palabra cano provén do latín *cannu* ‘conduto’.

En Redondela temos outros topónimos que conteñen esta palabra: Os Canos (Cabeiro), O Cano (Cedeira, Saxamonde) O Cano da Pedra (Reboreda).

En Galicia podemos atopar máis de oitocentos topónimos con esta palabra por todo o territorio.

## Canota (San Pedro)

Unha canota ou cañota pode designar un castiñeiro moi vello co tronco oco ou a raíz grosa de calquera árbore vella.

En masculino temos as palabras canoto ou cañoto para designar o talo de certas plantas ou a parte do talo que queda pegada á raíz despois de cortalo.

Deriva, probablemente, do latín *canna*, ao que se lle engade o sufixo latino *-ota*.

En galego, tanto o masculino como o feminino dinse de forma maioritaria con ñ: cañoto, cañota. O paso da forma con n á forma con ñ puido deberse a un castelanismo, como ocorre con Caniza, Cañiza.

En Cesantes atopamos outro lugar denominado O Cañoto. En Redondela atopamos o topónimo As Cañoteiras en Vilar de Infesta.

En Galicia a forma recollida predominante en feminino é Cañota.



## O Cañoto (San Pedro)

Un cañoto ou canoto designa o talo de certas plantas ou a parte do talo que queda pegada á raíz despois de cortar unha planta ou unha árbore.

Deriva, probablemente, do latín *canna*, ao que se lle engade o sufixo latino *-oto*.

En galego, tanto o masculino como o feminino dinse de forma maioritaria con ñ: cañoto, cañota. O paso da forma con n á forma




con ñ puido deberse a un castelanismo, como ocorre con Caniza, Cañiza.


En Cesantes atopamos outro lugar denominado A Canota. En Rondela atopamos o topónimo As Cañoteiras en Vilar de Infesta.

En Galicia a forma recollida predominante en masculino e feminino é Cañoto, Cañota.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



## A Canteira (O Coto)



Esta palabra nomea lugares onde existe ou existiu actividade de extracción de pedra, que tanta importancia tivo na elaboración de todo tipo de construcións humanas como casas, muros, camiños, peiraos etc.

Canteira deriva da palabra “canto” co significado de pedra. A súa orixe é incerta. Con este significado, para algúns autores pode ter unha orixe prerromana. A terminación -eira / -eiro, de procedencia latina, engádelle ás palabras diferentes significados. Neste caso concreto, fai referencia a lugares onde se atopa algo (pedreira, leñeiro, galiñeiro...).

Relacionado con canteira temos tamén o topónimo Pereiro, Pereira e Pedreiro, Pedreira. Estas formas son máis abundantes no noso con-

cello ca a palabra canteira. En ocasións, o topónimo Pereiro, Pereira pode referirse á árbore que dá peras, dependendo do uso ao que foron destinados os terreos nomeados desta maneira.

En Redondela temos o topónimo Canteira repartido por varias parroquias. En Cesantes está situado no barrio do Coto; no barrio de San Pedro aparece en Punta da Canteira, sobre o mar.

## A Carballa da Auga (Outeiro das Penas)


A orixe da palabra carballo é incerta, aínda que os diferentes autores coinciden en que sería prerromana, moi asentada en todo o territorio galaico antes da chegada do latín para denominar esta árbore tan común e abundante, polo tanto, con máis de dous mil anos de antigüidade no noso vocabulario. Hai autores que a fan derivar da palabra base “*carba*”, á que se lle engadiría o sufixo do latín *-aliu*.

A forma latina que trouxeron os romanos deriva de *robore*, que deu en castelán “roble”, pero que non temos como palabra galega na actualidade, aínda que si deixou pegada na toponimia con formas como o da nosa Reboreda, Rebordaos, Rebordiño, Rebordechao etc.

A forma feminina carballa fai referencia a un carballo moi vello e voluminoso. Este topónimo ten bastante presenza tamén en toda Galicia.

O termo Auga provén do latín *aqua*, co mesmo significado. A forma maioritaria en galego, auga, sufriu un cambio de posición da letra u, un fenómeno denominado metátese, frecuente en moitas palabras latinas que rematan en dúas vogais: eira > latín *area*, lavadoiro < latín *lavatoriu* etc. Na nosa zona mantívose a forma orixinal latina na fala, agua, aínda que o termo normativo preferente é auga.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



## A Carballeira (Outeiro das Penas)

A orixe da palabra carballo é incerta, aínda que os diferentes autores coinciden en que sería prerromana, moi asentada en todo o territorio galaico antes da chegada do latín para denominar esta árbore tan co-

mún a abundante, polo tanto, con máis de dous mil anos de antigüidade no noso vocabulario. Hai autores que a fan derivar da palabra base “*carba*”, á que se lle engadiría o sufixo *-aliu*.

A terminación *-eira / -eiro*, de procedencia latina *-ariu, -aria*, engádelle ás palabras diferentes significados. Neste caso concreto, engade sentido de abundancia ou colectivo, como en trigueira, xesteira, herbeiro etc.

A palabra latina que trouxeron os romanos á península deriva de *robore*, que deu en castelán “roble”, pero que non temos como palabra galega na actualidade, aínda que si deixou pegada na toponimia con formas como Reboreda, Rebordaos, Rebordiño, Rebordechao etc.

Carballeira é un topónimo abundante por toda Galicia, con arredor de dous mil trescentos topónimos rexistrados. En Redondela témolo tamén na parroquia de Cedeira.

## O Carballiño

A orixe da palabra carballo é incerta, aínda que os diferentes autores coinciden en que sería prerromana, moi asentada en todo o territorio galaico antes da chegada do latín para denominar esta árbore tan común a abundante, polo tanto, con máis de dous mil anos de antigüidade no noso vocabulario. Hai autores que a fan derivar da palabra base “*carba*”, á que se lle engadiría o sufixo *-aliu*.


A forma latina que trouxeron os romanos deriva de *robore*, que deu en castelán “roble”, pero que non temos como palabra galega na actualidade, aínda que si deixou pegada na toponimia con formas como o da nosa Reboreda, Rebordaos, Rebordiño, Rebordechao etc.

A terminación *-iño* é un sufixo con significado diminutivo que procede do latín *-inu*. Durante os primeiros séculos da implantación do latín no territorio galaico, o sufixo diminutivo predominante era *-elo, -ela*, aínda hoxe con notable presenza na nosa toponimia, mais a partir do século XI o sufixo diminutivo predominante pasou a ser *-iño*, hoxe en día xa case única na derivación de calquera palabra ao seu correspondente diminutivo.

En Galicia a palabra carballo e os seus derivados contan cunha importante presenza na toponimia, con arredor de seis mil oitocentos topónimos rexistrados con diferentes variantes: Carballeira, Carballedo, Carballido, Carballal, O Carballiño, Carballoso etc.

En Redondela atopamos o mesmo topónimo O Carballiño en Cedeira, e variantes como A Carballa (Cedeira), Carballeira (Cedeira), Carballida (Cedeira), Carballal (Quintela).

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.




## A Caringosta (O Coto)

Esta é unha das variantes que presenta a palabra “congostra”: camiño de carros estreito e fondo, que discorre xeralmente entre valos, cómaros ou outras elevacións do terreo. Congostra provén do latín *via congesta* ‘camiño estreito’. É curiosa a formación desta palabra co prefixo *con-* e que só temos neste caso. Relacionada con ela temos “angosto” e mesmo “angustia” e derivados. A base léxica latina de todas estas palabras estaría no verbo *angere* ‘estreitar, apertar, oprimir’ ao que se lle engadiría o sufixo latino *-ustus*.

No noso concello tamén atopamos as formas Quirincosta (Quintela e Cabeiro) e Quiringosta (Ventosela e Saxamonde).

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, aparece rexistrado un topónimo baixo a denominación da Congrosta.



## Casal do Eido (O Coto)

Un casal é unha propiedade rústica composta dunha ou varias vivendas e outras construcións anexas. É un derivado da palabra casa. Este topónimo tamén se pode atopar baixo a forma casar.


En Redondela podemos atopar este topónimo no barrio denominado Casal do Monte, en Sanxamonde; O Casal, en Cedera, O Viso e Reboreda.

A palabra eido provén do latín *aditu* ‘engadido’, participio do verbo *adire* ‘engadir’, como referencia ao terreo que envolve a casa.

O topónimo Eido tamén vai acompañado normalmente de palabras que particularizan a súa localización, os seus posuidores ou as súas características: Eido do Souto (Quintela), O Eido Novo (Quintela), O Eido da Caseira.

En Galicia existen centos de topónimos por todo o territorio que conteñen a palabra eido, a maioría deles concentrados na provincia de Pontevedra.

Nos documentos titulados *Aprobación de venta a favor de Francisco de Santabaia*, de 1540, *Foro a Pedro das Regadas*, de 1544, *Venta de Lucrecia Regadas a Pedro de Sotomayor*, de 1559, xa aparece este topónimo en Cesantes, así como no *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763.



## O Castañal (San Pedro)



Un castañal é un lugar poboado de castiñeiros. É un topónimo construído sobre a base castaña, do latín *castanea*, e o sufixo *-al*, que lle engade un significado colectivo, como ocorre noutros topónimos como Toxal, Carrascal, Piñeiral, Carballal...

O termo latino *castanea* desenvolveu directamente o nome da árbore na palabra castaño, que existe no noso idioma, así como en portugués e



en español; aínda que a forma máis estendida para designar a árbore é castiñeiro. En Galicia, a maiores das formas castaño e castiñeiro, tamén aparecen castañeiro e castiro.

En Cesantes temos máis topónimos derivados da castaña como Castiñeiros (Outeiro das Penas), Pedras do Castañal (San Pedro) ou a Fonte do Castiñeiro (Outeiro das Penas).

En Redondela tamén atopamos o topónimo Castañal en Cedeira, Negros, Quintela, Reboreda, Saxamonde ou Vilar de Infesta.

No resto de Galicia están rexistradas preto de dúas mil formas toponímicas derivadas da palabra castaña. Antes da chegada das patacas das Américas, a castaña era un froito base na nosa alimentación.

## Os Castiñeiros (Outeiro das Penas)


Este topónimo designa a árbore que dá castañas. Procede do latín *castaneariu*, palabra derivada de *castanea* ‘castaña’, que á súa vez ten a súa orixe no grego. O termo latino *castanea* desenvolveu directamente o nome da árbore na palabra castaño, que existe no noso idioma, así como en portugués e en español. Noutros casos, a base *castanea* foi ampliada co sufixo *-ariu*, co que se obtivo o derivado *castaneariu*, do que procede castañeiro e castiñeiro. A aparición do *-i-* pode deberse á influencia fonética da consoante palatal *-ñ-* e do ditongo tónico *-ei-*.

O sufixo latino *-ariu*, *-aria* derivou en galego en *-eiro*, *-eira* e aplicouse a moitos e variados conceptos do noso léxico, entre eles os nomes das árbores: laranxeira, limoeiro.

En Redondela están recollidas formas toponímicas derivadas da castaña como Castañal (Cabeiro, Cedeira, Cesantes, Negros, Quintela, Reboreda, Saxamonde, Vilar de Infesta), Castiñeira (Cedeira, Quintela, Ventosela).

En Galicia existen preto de dous mil topónimos a partir da palabra castaña. Antes da chegada das patacas das Américas, a castaña era o alimento base na nosa alimentación.

Este topónimo aparece rexistrado no documento titulado *Arrendamento da herdade dos Castiñeiros na freguesía de San Pedro de Cesantes*, de 1628, así como no Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes, de 1763, baixo a forma O Castiñeiro.



## Catapeixe (San Pedro)


Catapeixe está situado nunha zona costeira da parroquia elevada sobre o mar. Desde esa altura divísase perfectamente o traballo dos mariñeiros e a entrada e saída de barcos de pesca. O topónimo consta dunha palabra composta por dous elementos: catar + peixe.

O verbo catar provén do latín *captare* ‘capturar, coller’. Este primeiro sentido do verbo foi evolucionando ata ser aplicado tamén aos sentidos (vista, gusto, olfacto...). Nos textos medievais aparece regularmente co significado de ollar, vixiar, mirar... Este antigo significado da palabra aplicado ao sentido da vista perdeuse na actualidade e hoxe en día aplícase a outros sentidos.

A segunda parte do topónimo, a palabra peixe, procede do latín *piscis*, que á súa vez está relacionado cunha raíz prerromana \**peisk*.

Esta composición coa primeira parte da palabra co verbo catar aparece noutros topónimos galegos como Cataboi (Vigo), Catabois (Ferrol, Catatrigo (Baleira), Catadouro ‘miradoiro’ (Moaña)...

Catapeixe xa aparece rexistrado en Cesantes en documentación do século XVI e no *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763.



## A Cavada (O Coto)

Esta palabra provén do latín *cavata*, participio do verbo *cavare* ‘cavar’. A base léxica estaría na forma *cavus*, que significaba en latín ‘cavidade, oco’. É un topónimo bastante presente en toda Galicia.


As cavadas teñen a súa orixe nos terreos incultos de monte ou matoqueiras que se preparan -cavan- para o cultivo. Cando as necesidades de aumento de plantacións obrigaban a gañar novos terreos para o cultivo, cavábanse para poñelos a producir. Isto tivo lugar sobre todo a partir da

chegada de novos produtos tras a conquista de América, principalmente as patacas e o millo.

Rotea ou Arrotea, Cachada, Rozada, Noval, Vesada, Estibada, Asucada... son topónimos que conservamos na actualidade relacionados coas diferentes formas de chamarlle a ese traballo agrícola.

En Redondela temos varios lugares nomeados con este topónimo ou derivados: Cavada (O Viso, Cedeira, Reboreda), Cavadiña(s) (Cedeira, Negros, Saxamonde, Vilar, Trasmañó).

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



## O Cerqueiro (O Coto)

O cerqueiro ou cerquiño é unha variedade de carballo da especie *Quercus pyrenaica*, Sinónimos: rebolo, carballo negro ou carballo mouro. Ten un tamaño menor ca o carballo común e presenta unha cortiza escura (por iso a denominación de carballo mouro).

Esta palabra procede do latín *quercus*, que pasou ao latín vulgar como *cercus* e deste a unha forma *cercu*, que non conservamos, da que derivaron os actuais cerqueiro e cerquiño, a través dos respectivos sufixos latinos *-ariu* e *-inu*: *cercariu*, *cercinu/cerquinu*.

O sufixo *-ariu* deu lugar ao actual sufixo *-eiro*, que se emprega, entre outros, para a denominación das árbores: laranxeira, limoeiro etc. O sufixo latino *-inu* deu lugar ao actual sufixo *-iño*, que se emprega principalmente para expresar un tamaño pequeno.


Outros autores apuntan tamén a posibilidade de que o topónimo Cerqueiro puidese non ter relación coa denominación deste tipo de carballo, senón que sexa un derivado de *cerca*, en latín *circa*, e faga referencia a un terreo cerrado ou delimitado.

En Redondela rexistramos outro Cerqueiro na parroquia de Quintela. En Galicia existen máis de douscentos topónimos co nome Cerquei-



ro, Cerquiño e derivados, concentrados principalmente nas provincias de Pontevedra e A Coruña.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.




## Cesantes

A mención máis antiga que se reconece para o nome da parroquia é a que aparece no *Parochiale suevum* (*Parroquial suevo*), división parroquial da Gallaecia do rei suevo Teodomiro. Foi realizada co gallo do concilio lucense do ano 569. O nome que aquí figura é *Celesantes*. De ser así, a evolución ata o actual Cesantes pasaría pola perda do -L- intervocálico, como ocorre con moitas palabras galegas como muíño (latín *molinu*), vixiar (latín *vigilare*), moer (latín *molere*) etc. A perda desta consonante intervocálica é unha característica moi antiga no noso idioma, que afecta ás palabras máis vellas da nosa lingua.

Pero a orixe e significado da propia palabra Cesantes continúa sendo un misterio. Hai autores que consideran que a terminación -antes (presente noutros topónimos galegos como Barrantes, Barbantes, Cervantes, Serantes etc.) pode facer alusión a un significado xentilicio galaico prerromano: os habitantes de... De ser así, quedaríanos a primeira parte da palabra, celes, para a que outros autores a consideran derivada da raíz cel- 'luz, brillo' (como en celeste, celestial). Fose como for, a interpretación desta primeira parte da palabra continúa sendo incerta.


No *Memorial de bens de San Pedro de Cesantes pertencentes a Baiona e Santa Clara* (1570-1587), aparece rexistrado este topónimo.





diversas variantes: Cochón, Cochós, Cuchiños, Cocheira, Cochello, A Cocha do Medio...

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



## As Codeseiras (Outeiro das Penas)


Este topónimo é un derivado da palabra codeso, un arbusto habitual nos nosos bosques, que tamén se denomina piorno noutros lugares de Galicia. O seu nome provén do latín *Cytisus*. A denominación actual evolucionou a partir desta forma clásica a través dun hipotético *\*cutisu*.

A terminación en -eiro, -eira procede do latín *-ariu*, *-aria*. Trátase dun sufixo moi empregado na derivación de palabras e que lles proporciona distintos significados; por exemplo, para denominar árbores e plantas: laranxeira, limoeiro, meloeiro, figueira etc.

No caso concreto da palabra que nos concirne, Codeseiras, o sufixo -eira engade sentido de abundancia ou colectivo, como en carballeira, trigueira, herbeiro etc.

En Galicia existen numerosas variantes de codeso presentes na toponimia: Codesal, Codesido, Codesoso etc.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo como A Codeseira.



## O Convento (O Coto)

Este topónimo, localizado no barrio do Coto, preto do lugar de Agrelo, fai referencia a un edificio que así se denomina aínda na actualidade: o convento franciscano de Santo Antonio de Vista Real de Agrelo.

A palabra convento provén do latín *conventu* ‘reunión, asemblea, congregación’, formada a partir do verbo *convenire* ‘convir, reunirse’, que provén, á súa vez, da unión da preposición latina *cum* ‘conxuntamente’ co verbo *venire* ‘vir’.

O Convento de Agrelo ten as súas raíces monacais na illa de San Simón, onde está rexistrada a existencia dun asentamento dos franciscanos pascualinos a principios do século XVI, a “custodia de los pascualinos de San Simón”. Os asaltos do pirata inglés Drake a finais deste século, provocan o abandono da illa por parte da comunidade franciscana. Rematado o perigo pirata, estes monxes regresan á illa a comezos do século XVII. Durante uns cen anos, ata 1702 en que ten lugar a batalla de Rande, os franciscanos permanecen na illa; mais os continuos saqueos que sufriu a illa a partir desa data provocan a decisión de construíren outro convento fóra da illa, no lugar de Agrelo. En 1746 establécense no novo edificio que hoxe pode verse baixo a denominación actual de “O Convento”. Uns anos máis tarde, en 1809, este convento foi atacado polas tropas invasoras francesas, o que provocou a morte de varios monxes.



O remate final da ocupación conventual foi en 1836 debido á desamortización de Mendizábal. Co paso a mans privadas, dedicouse a granxa de porcos e diversas plantacións ao longo do tempo (viñedos, froiteiras, árbores variadas e, nos últimos, anos tamén kiwis). Na actualidade a propiedade é empregada como escola hípica.

## O Coruxo (O Coto)

Na referencia oral deste topónimo tamén aparece denominado como A Coruxo, con artigo feminino; non obstante, o nome oficial que reflicte o indicador é O Coruxo.

Aínda que teña unha semellanza formal co nome da ave coñecida como coruxa, probablemente non se refira a este animal, nin tampouco ao nome do peixe co que tamén se coñece en Redondela e Vigo, senón que sexa unha palabra que proveña dunha base léxica prerromana \*kor- ‘monte, elevación, promontorio rochoso’. Este topónimo localízase a carón da aldea do Coto, que se caracteriza por estar situado nun lugar elevado.

O autor Cabeza Quiles pon esta base léxica en relación con outros topónimos prerromanos existentes por Galicia que fan referencia a lugares con elevacións pedregosas, como Corrullo (Lourenzá), Corrubedo (Ribeira), Coroso (Ribeira) ou Corme (Ponteceso). Para algúns autores, a parroquia de Vigo tamén denominada Coruxo recibe este nome das elevacións pedregosas que caracterizan o seu territorio.

En Galicia están rexistrado arredor de sesenta lugares co nome de Coruxo e a súa variante Curuxo.

## O Coto (O Coto)




Un coto é parte máis alta dun monte ou promontorio, que presenta normalmente unha forma cónica. A orixe deste topónimo está na base prerromana *cott* ‘pico, elevación’. Sobre esta base derivaríanse outros topónimos como Cotarelo, Cotiño, Picoto, Piricoto, Cotarón etc. Fai referencia a lugares elevados.

Non debe confundirse con Couto, que provén co latín *cautu* ‘protexido, defendido’ e que faría referencia a lugares delimitados (couto de caza, couto de pesca).

En Galicia, dada a súa orografía, están rexistrados varios milleiros de topónimos coa forma Coto e derivados.

En Redondela tamén contamos con varios topónimos en diferentes parroquias: O Coto (Cabeiro, Cedeira, Negros, Quintela, Reboreda, Saxamonde, O Viso), Cotarel, Cotiño e Pericoto (Cedeira), Cotarelo (Vilar de Infesta).

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



## Couto do Mexo (O Carballiño)

A palabra couto provén do latín *cautu* ‘protexido, defendido’. Os coutos son territorios que teñen disposicións especiais de xurisdición ou de propiedade. Hoxe en día son comúns, por exemplo, os coutos de caza ou os coutos de pesca. Para o noso topónimo hai que entender que se trata dunha propiedade demarcada e delimitada na propia topografía do lugar. Relacionado coa palabra couto podemos atopar o topónimo derivado “coutada”, que fai referencia a propiedades, normalmente de monte, tamén delimitadas e diferenciadas das demais.

A segunda parte do topónimo “do Mexo” fai referencia, segundo recollida oral, a que era o lugar por onde antigamente se desaugaban os ouriños das casas botándoos polo rego abaixo cando non había cuartos de baño nas vivendas.

A palabra mexo provén do verbo latino *meiare* ‘mexar, ouriñar’.

## A Cova (San Pedro)


Este topónimo é bastante frecuente en Galicia. Procede do latín hispano *cova*, posiblemente un celtismo, variante ou dialectalización do latín clásico *cava*, forma feminina de *cavus* ‘oco, cavidade’.



En toponimia pode referirse a unha cavidade ou depresión do terreo; tamén a un abrigo ou mesmo a un terreo afundido. Polo tanto, non nomean de forma exclusiva covas naturais, senón que sinalan ou identifican formas cóncavas ou fondas do terreo.

En Redondela temos varios lugares con esta denominación en Ceadeira, Saxamonde, Vilar, Cabeiro, Negros ou Quintela, e en diversas variantes diminutivas como Covelos e Coviña.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



## A Cova da Serpe (Outeiro das Penas)


O topónimo Cova é bastante frecuente en Galicia. Procede do latín hispano *cova*, posiblemente un celtismo, variante ou dialectalización do latín clásico *cava*, forma feminina de *cavus* ‘oco, cavidade’.

En toponimia pode referirse a unha cavidade ou depresión do terreo; tamén a un abrigo ou mesmo a un terreo afundido. Polo tanto, non nomean de forma exclusiva covas naturais, senón que sinalan ou identifican formas cóncavas ou fondas do terreo.

A palabra serpe deriva do latín *serpens* ‘que se arrastra’. Esta é unha forma moi antiga no idioma, anterior á entrada da palabra serpente (do latín *serpente*). Tamén é antigo o seu sinónimo cobra ou cóbrega (do latín *colubra*), con perda do -L- intervocálico na súa evolución en galego (como en tantas outras palabras antigas no idioma como muíño < *molinu*, vixiar < *vigilare*, pau < *palu* etc.). Outra forma de chamarlle á serpe en galego é becha ou bicha. Todas estas palabras aparecen na toponimia por outros lugares de Galicia: Cabo da Serpe (A Lama) Coto da Veiga da Serpe (Campo Lameiro), Pozo da Serpe (Vigo), Pedra da Cobra (Candeán), Regueiro das Cobras (Baiona).

En Galicia temos rexistrados máis de dous mil setecentos lugares co topónimo Cova e variantes.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



30. . . . . Inapozada de Nonue al vicio  
da Cova da Serpe sem bra du xa medio

## A Coviña (Outeiro das Penas)


Este topónimo é bastante frecuente en Galicia. Procede do latín hispano *cova*, posiblemente un celtismo, variante ou dialectalización do latín clásico *cava*, forma feminina de *cavus* ‘oco, cavidade’. A esta base léxica engadíuselle posteriormente o sufixo diminutivo -iño para destacar a característica do seu pequeno tamaño.

En toponimia pode referirse a unha cavidade ou depresión do terreo; tamén a un abrigo ou mesmo a un terreo afundido. Polo tanto, non nomean exclusivamente covas naturais, senón que sinalan ou identifican formas cóncavas ou fondas do terreo.

En Redondela temos varios lugares con esta denominación en Cedeira, Saxamonde, Vilar, Cabeiro, Negros ou Quintela, e noutras variantes diminutivas como Covelo.

En Galicia temos rexistrados máis de dous mil setecentos lugares co topónimo Cova e variantes.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



12. . . . . Inapozada de labradío de ano  
al vicio da Coviña de San Pedro ferra

## Os Eidos (San Pedro)

O topónimo Eido refírese ao terreo que arrodea a casa e que conforma a propiedade do predio. Normalmente contén a casa, as construcións anexas, os patios e unha zona de horta para cultivos variados. De aí que o topónimo que tamén existe en Cesantes denominado A Veiga do Eido faga referencia a un campo de cultivo que está dentro dun eido.


A palabra eido provén do latín *aditu* ‘engadido’, participio do verbo *adire* ‘engadir’, como referencia ao terreo que envolve a casa.

O topónimo Eido tamén vai acompañado normalmente de palabras que particularizan a súa localización, os seus posuidores ou as súas características: Eido do Souto (Quintela), O Eido Novo (Quintela), O Eido da Caseira.



En Galicia existen centos de topónimos por todo o territorio que conteñen a palabra eido, a maioría deles concentrados na provincia de Pontevedra.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado o topónimo Eido en numerosas ocasións.



18. . . . Ouxaparra al sitio do Eido

## **Eido da Moura / Outeiro da Moura (Outeiro das Penas)**

Este lugar especial e posiblemente animista, con algún tipo de ritual vinculado á pedra e á auga, está situado no monte Cabaleiro, entre Soutoxuste e Cesantes.

Como referencia á forma do terreo recóllense os topónimos de Eido da Moura e Outeiro da Moura. No relativo á significación animista recolleemos Bañeira da Moura, Pía da Moura e Cama da Moura.

As mouras son deidades prehistóricas, estendidas por moitos lugares de Europa, vencelladas con varias funcións: a fundacional, a protección, a curación, a fertilidade e os ritos iniciáticos. No noso concello temos varios lugares relacionados coas mouras.



As palabras que acompañan este topónimo sitúano nun lugar elevado (outeiro) e chan (eido). Bañeira e pía infórmanos da súa forma, como unha concavidade escavada na rocha para conter auga.

O topónimo Eido, pola súa banda, aplicado a este lugar de monte, refírese a un terreo ou propiedade. Provéen do latín *aditu* ‘engadido’, participio do verbo *adire* ‘engadir’, como referencia ao terreo que, normalmente, envolve a casa.

Tocante á palabra outeiro, a partir do latín clásico *altu* ‘alto, elevado’ creouse a forma *altariu*, coa derivación a través do sufixo -ariu, que deu en galego actual outeiro, que designa un monte de pequena altura.

A terminación en -eiro, -eira procede do latín *-ariu*, *-aria*. Trátase dun sufixo moi empregado na derivación de palabras e que lles proporciona distintos significados. Neste caso outórgalle ao topónimo un valor locativo, coa indicación de lugar topográfico.

A palabra moura é de interpretación máis incerta. Podemos facer dúas interpretacións distintas: para uns autores tería unha orixe no latín medieval *mauru* ‘de Mauritania, escuro’, e para outros autores tería unha orixe prerromana na raíz *\*mor-* / *\*mur-* ‘monte, elevación rochosa’.

## A Eira Vella (Outeiro das Penas)

Unha eira é un terreo chan próximo á casa, feito de terra firme ou de pedra, onde se mallan os cereais, se botan a secar os legumes etc.

O substantivo eira formouse a partir do latín *area*, ‘espazo libre, superficie plana’. En Galicia adopta tamén unha variante máis próxima á orixe da palabra: *aira*.


Cando este topónimo aparece en composición con outras palabras leva normalmente preposición como elemento conector. Esta segunda palabra indica o lugar onde se atopa ou a referencia á persoa posuidora ou calquera outra indicación identificadora: Eira de Arriba, Eira do Santo, Aira do Cabo... Cando vai composta cun adxectivo, non leva conector: Eira Vella, A Aira Malladoira. En Redondela temos un barrio de Cedeira que se denomina Eira Pedriña, que fai referencia ao tipo de chan empedrado que lle deu nome.

Como derivado de eira cun sufixo diminutivo temos en Cesantes o lugar da Eiriña.

A palabra Vella provén do latín *vetus* ‘vello’ ao que se lle engadiu o sufixo diminutivo latino *-ulu*, *-ula*, o que deu *vetulu*, *vetula*, de onde proveñen os actuais vello, vella. Este sufixo levou a un resultado evolutivo semellante noutras palabras como *oculu* > ollo, *speculo* > espello, *articulu* > artello etc.

En Reboreda tamén temos o topónimo Eiras Vellas, no barrio da Quintana.

En Galicia están rexistrados máis de vinte topónimos con este nome. No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



## A Eiriña (O Carballiño)


Unha eira é un terreo chan próximo á casa, feito de terra firme ou de pedra, onde se mallan os cereais, se botan a secar os legumes etc.

O substantivo eira formouse a partir do latín *area*, 'espazo libre, superficie plana'. En Galicia adopta tamén unha variante máis próxima á orixe da palabra: *aira*.

O topónimo Eiriña é un derivado da palabra eira cun sufixo diminutivo, o que indica que posúe un tamaño máis pequeno. A terminación -iño é un sufixo que procede do latín *-inu*. Durante os primeiros séculos da implantación do latín no territorio galaico, o sufixo diminutivo predominante era -elo, -ela, aínda hoxe con notable presenza na nosa toponimia, mais a partir do século XI o sufixo diminutivo predominante pasou a ser -iño, hoxe en día xa case única na derivación de calquera palabra ao seu correspondente diminutivo.

Cando este topónimo aparece en composición con outras palabras leva normalmente preposición como elemento conector. Esta segunda palabra indica o lugar onde se atopa ou a referencia á persoa posuidora ou calquera outra indicación identificadora: Eira de Arriba, Eira do Santo, Aira do Cabo... Cando vai composta cun adxectivo, non leva conector: Eira Vella, A Aira Malladoira. En Redondela temos un barrio de Cedeira que se denomina Eira Pedriña, que fai referencia ao tipo de chan empedrado que lle deu nome.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



## O Empalme (O Coto)

Este lugar está situado na confluencia da N-550 coa estrada do Viso. É unha creación moderna, procedente do verbo empalmar, que en latín se dicía *palmare* ‘unir’.

Este topónimo aplícase normalmente ao lugar de unión de dúas vías de comunicación.

Existe de forma repetida por outros lugares de Galicia aludindo ao mesmo significado, en diversas composicións: Os Toxás do Empalme (Muíños), A Cruz do Empalme (Parada de Sil), A Rampla do Empalme (Cerceda), O Empalme do Pereiro (A Mezquita)...



## O Esteiro (O Coto)


Un esteiro é unha zona da costa onde desemboca un río e que se asolaga coa preamar, chegando incluso a formar lagoas. O Esteiro está situado na zona onde antigamente o río Pexegueiro desembocaba na marisma perdida de Redondela. Neste lugar xa existe documentada desde o século XVI a ponte do Esteiro e o río do Esteiro (actual río Pexegueiro nesa zona). Ao carón da ponte do Esteiro sitúase o tamén denominado cruceiro do Esteiro, restaurado en 2023.

Procede do latín *aestuariu* ‘marea’. En galego actual poden empregarse tanto as formas esteiro como estuario para designar estes lugares.

Preto da punta da praia atopamos o lugar do Esteirón, forma derivada dun aumentativo de Esteiro a partir do sufixo -ón.

Os topónimos derivados da palabra esteiro rexistran ao redor de duasetentas formas recollidas en Galicia.

No *Foro que fixo o apoderado de Pedro de Sotomayor a Lorenzo de Lobelle* (1549) xa aparece rexistrado este topónimo.



## O Esteirón (Outeiro das Penas)


Un esteiro é unha zona da costa onde desemboca un río e que se asolaga coa preamar, chegando incluso a formar lagoas. O Esteirón está situado preto da Punta da Praia, zona de asolagamentos provocados polas mareas.

Procede do latín *aestuariu* ‘marea’. A forma Esteirón é un aumentativo de Esteiro a partir do sufixo -ón.

En galego actual poden empregarse tanto as formas esteiro como estuario para designar estes lugares.

No barrio do Coto atopamos o lugar do Esteiro, sobre o río Peixe-gueiro, na zona onde antigamente este río desembocaba na marisma perdida de Redondela.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



## Estremadura (Outeiro das Penas)

Un estremadouro ou estremadura, variante dialectal da palabra estremadoiro, é a demarcación ou lindeiro que separa dúas propiedades.

Provén do latín *extrematu*, *extremata* ‘extremado’, participio verbal do verbo latino *extremare*, en base a unha construción terra *extremata*. A esta base latina engádeselle o sufixo -oiro, -oira, que forma neste caso un substantivo a partir dunha base verbal (estremar), que na zona occidental de Galicia se desenvolve coa variante -ouro, -oura, tan presente na nosa



toponimia con formas como Pousadouro (Reboreda), Pousadoura (Chapela), Rapadouro (Cangas), Lavadouro da Fonte (Tomiño) etc.

En Galicia existen ao redor de corenta lugares rexistrados co topónimo Estremadoiro.

## A Ferreira (San Pedro)

O topónimo Ferreira semella derivar do latín *ferraria* ‘mina de ferro’, á súa vez un derivado do substantivo *ferru* ‘ferro’.


Pode indicar a profesión dos antigos propietarios ou habitantes do lugar, un oficio relevante na Idade Media e nos séculos posteriores e que conformou tamén un dos gremios máis importantes; ou tamén pode referirse a un lugar de extracción de ferro ou mesmo á composición máis ferruxinosa das pedras que compoñen o terreo.

En Quintela existen dous lugares coa denominación masculina e feminina en plural: Os Ferreiros, As Ferreiras.

Coto Ferreiro é o nome dunha mámoa neolítica situada nunha elevación na estrema do monte comunal de Trasmañó e Caveiro con Candean.

En Galicia é un topónimo bastante frecuente. Están recollidos máis de mil lugares con diversas variantes.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



## As Folgosas (O Coto)

Para explicar con maior claridade a orixe e significado deste topónimo temos que remontarnos a unha base latina *filix*, *filicis* ‘fento, felgo’, que lle deu nome a unha das plantas máis abundantes nos nosos montes: o fento.

Sobre esta base latina desenvolvéronse variantes que deron lugar a diferentes palabras na actualidade. A partir dun derivado latino *filicosa* naceu este topónimo actual Folgosas. En Galicia atopamos outras

variacións deste topónimo en masculino como Folgoso ou Felgoso. A presenza da vogal o na primeira sílaba explícase porque o f inicial da palabra, ao pronunciarse na parte dianteira da boca (entre os dentes e os labios) provoca a aparición da vogal o, que tamén se pronuncia na parte dianteira da boca, fronte á vogal i, que se pronuncia na parte traseira da boca. Este fenómeno fonético de desprazamento dunha vogal de atrás cara a adiante vese tamén noutras vacilacións como semana > \*somaná, separar > \*soparar etc.

A terminación -osa provén do sufixo latino -*osu*, -*osa*, que ten un significado colectivo ou abundancial, como ocorre noutros topónimos: A Ramallosa (Nigrán), A Xestosa (Covelo), As Sobrosas (Saxamonde) etc.


A variante latina *filictu* foi a que deu lugar ao nome actual feito, con desaparición do L intervocálico, como ocorre en palabras como muíño (lat. *molinu*), voar (lat. *volare*). Desta variante latina tamén procede a palabra fento, quizais a través dunha variante do latín vulgar \**finictus*.

Outra variante latina *filictaria*, con sufixo colectivo -*aria*, deu orixe ao topónimo actual Fieiteira, con desaparición do L intervocálico. Tamén provén desta variante latina o topónimo Fenteira, quizais a través dun latín vulgar \**fnictaria*, presente nas nosas parroquias de Cabeiro, Ceadeira ou Reboreda.

Doutra variante latina con sufixo colectivo en -*aria*, *filicaria*, desenvóléronse as denominación toponímicas actuais Filgueira, Felgueira, Folgueira. Esta diferenza entre as tres formas explícase pola vacilación que sofre a primeira vogal átona, como explicamos máis arriba.

En Galicia estes diferentes topónimos son moi abundantes por todo o noso territorio, con máis dun milleiro de formas rexistradas.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



## Fonte

A palabra fonte provén do latín *fonte* ‘fonte, nacente de auga’. En todas as nosas parroquias as numerosas fontes que existen teñen ca-



danseu nome propio que identifica o lugar en que se atopa ou unha referencia a algunha das súas características, así como apelativos ou nomes de persoas que se poñen en relación con ela. Pode aparecer como palabra única ou en composición con outros nomes ou adxectivos: A Fonte da Agra, A Fonte da Melixosa e Fonte do Galo (en Cabeiro); Fonte das Paridas, Fonte da Bandeira, Fonte do Cocho, Fontela... (en Cedeira); Fonte da Faxina, Fonte do Outeiro, Fonte da Lameira... (en Quintela); Fonte do Abade, Fonte da Fenteira, Fonte da Costa... (en Reboreda) etc.

En Cesantes recollemos as fontes seguintes, distribuídas por barrios:

Barrio do Coto:

Fonte do Coto

Fonte do Gurgullón / Gorgollón

Fonte Virtú

Fonte de Ribas

A Fonte

Barrio do Carballiño:

Fonte do Pazo

Fonte da Porta Levada

Fonte de Novás

Barrio de Outeiro das Penas:

Fonte da Carballa da Auga

Fonte do Frade

Fonte de Neira

Fonte do Lago Vello

Fonte da Coviña

Fonte do Castiñeiro

Fonte da Monteira

Barrio de San Pedro:

Fonte do Tanque

Fonte do Picho

Lindando coa parroquia de Cesantes, pertencente a Ventosela temos a Fonte Cova, e, pertencente ao Viso a Fonte dos Tres Abades.

## O Picho (San Pedro)

O picho é o cano ou billa por onde verte a auga unha fonte. Neste lugar temos tres elementos denominados deste xeito: a fonte do Picho,

o lavadoiro do Picho e o regato do Picho, que leva as augas da fonte e o lavadoiro cara ao río Pexegueiro.

A palabra picho posiblemente poida provir dunha voz onomatopeica \**picc-* ou \**bicc-* ‘punta, pico’, e fai referencia á forma bicuda e sobresaínte dos pichos.



A palabra fonte provén do latín *fonte* e aparece continuamente por calquera recanto de todas as parroquias de Galicia. Pode aparecer como palabra illada, aínda que o máis normal é atopala acompañada de calquera outra identificación que nos precisa o seu significado. Pode ser un adxectivo (Fonte Cova en Ventosela), un localizador topográfico (Fonte do Cocho en Cedeira), ou referente a unha persoa (Fonte do Frade en Cesantes) etc.

A palabra lavadoiro ‘lugar ou pía onde se lava a roupa’ provén do latín *lavatoriu*, derivado do verbo *lavare*. O sufixo latino *-oriu* deu en galego *-oiro*, e emprégase, entre outras posibilidades, na derivación de verbos para indicar lugares onde se realiza a acción descrita por ese verbo: bebedoiro, abrigadoiro, ancoradoiro...


O topónimo Picho aparece rexistrado en máis de trescentos lugares de Galicia.

## Fonte Virtú (O Coto)

A denominación deste topónimo aparece no *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, rexistrado como “sitio de la fuente de Virtudez” e “sitio de fuente Virtud”. Polo tanto, a pronunciación e denominación actual correspondería a unha “Fonte Virtude”, topónimo que existe en nume-

rosos lugares de Galicia para nomear tanto fontes, como regatos ou mananciais de auga que, nalgúns casos van asociados á consideración saudable ou curadora das súas augas, e mesmo algunhas delas teñen lendas ou ritos animistas da natureza vencellados, como a Fonte da Virtude de Culleredo ou a Fonte da Virtude de Begonte.

Neste lugar existe un regueiro que baixa do monte para confluír co río Pexegueiro. Ese regueiro forma unha pequena poza sobre as cabeceiras da leiras que ten augas valoradas pola veciñanza como moi sans e limpas, a onde viña xente de toda a contorna a buscar auga para beber nas súas casas.



! . . . . . Inapreza de terra labradra  
de Regadio al sitio de fuente Virada

## O Foro (San Pedro)

A palabra foro provén do latín *forum*, co significado orixinal de espazo público romano onde tamén se realizaban actividades de administración legal.

O foro, na actualidade, entendémolo como un tipo de contrato esencialmente agrario de longa duración ou mesmo perpetuo, polo cal unha persoa ou institución lle cede a outra o uso dun ben ou terra a cambio dunha renda e cunhas condicións estipuladas (DRAG).

Este tipo de contrato comezou a realizarse no século XII e estivo en vigor ata o século XX, durou máis de oitocentos anos. Empezou sendo un contrato feudal de vasalaxe e foi evolucionando cos séculos ata chegar a converterse nun contrato agrario.

Foi abolido en 1926, despois de anos de loitas agrarias que comezaron a finais do século XIX.

A conservación da memoria dos foros na toponimia é indicativa da importancia histórica que tiveron. No noso concello podemos atopar este topónimo nas parroquias de Cabeiro e Cedeira.

En Galicia están rexistrados arredor de douscentos cincuenta topónimos con esta denominación.

## A Furna (Outeiro das Penas)

En Cesantes temos dous lugares que presentan esta denominación: o camiño da Furna, no barrio do Carballiño, que parte da estrada do Carba-

lliño, xunta o bar O Cazador e remata nas vías do tren, atravesando unha zona de campos; e no monte Cabaleiro, no barrio de Outeiro das Penas, por encima do camiño das Codeseiras, nunha zona de monte e bosque.

A palabra furna denomina cavidades subterráneas que existen nos montes, en zonas de campos ou na costa marítima. Ten a súa orixe no latín *furnu* ‘forno’, pola súa forma.

Con este topónimo tamén se relaciona o denominado como Fornelos.

En Galicia están rexistrados máis de trescentos cincuenta lugares co topónimo furna e derivados.

## O Gurgullón (O Coto)

Gurgullar é nacer auga da terra formando gurgullas ou burbullas. O Dicionario da Real Academia Galega (DRAG) recolle a palabra gurgullo e gurgullón para denominar estes lugares onde brota a auga.

O topónimo Gurgullón presenta un sufixo aumentativo rematado en -ón. Para algúns autores podería derivar do latín *gurgulione*.



Hai outros estudosos que a consideran unha variante da palabra burbulla.

Para outros autores sería unha palabra onomatopeica (palabra que imita o son da auga ao burbullar) relacionado co gurgullar dos mananciais, e proveniente do latín tardío *gurga* ‘pantano’ e *gurgulione* ‘borbollón’.

Esta palabra existe na nosa lingua baixo diversas formas: gorgollón, gorgullón, gurgullón.

En Redondela atopamos o topónimo Gorgullón en Cedeira e Chapela.

En Galicia atopamos outras variantes toponímicas para estes abrollamentos de auga como Gorgoso, Gurgueiro, Gurgusiño, Gur-

gulliños, Gurgullón; Gorgullón, Gorgolo, Goroliño, Gorgolón, Gorgullo...

## A Gurita (San Pedro)

Na fala popular, unha gurita é un habitáculo ou espazo de reducidas dimensións. De alguén que vive nunha casa pequena dise que vive nunha gurita.

Os dicionarios galegos históricos falan de gurita como sinónimo de gorita, e este, á súa vez, como variante de garita, definida como construción onde se resgarda unha persoa. En Portugal as palabras gurita e guarita tamén teñen este significado.

A orixe da palabra garita é incerta. Adoita remontarse a unha raíz prerromana \**wer-* co significado de ‘cerrar, cubrir, protexer’, que se desenvolvería en varias raíces xermánicas: \**weren* para garantir, garantía; \**warjan* para guarecer/gorecer, gorida, garita, garaxe; e \**warnjan* para guarnecer/gornecer, guarnición/gornición.

A maiores, a través do latín engadíuselle posteriormente o sufixo *-ittu*, que lle engade un significado diminutivo, de pequeno tamaño.

En Galicia existen case douscentos topónimos rexistrados baixo as formas Gurita, Gorita e Garita.

## A Insua (O Coto)

No litoral as insuas fan referencia a illas pequenas, pero terra dentro poden nomear as illas que existen nos ríos ou a prados que haxa nas súas beiras. Neste caso que nos ocupa, nomea uns prados que hai á beira do río Pexegueiro.


A palabra insua provén do latín *insula* ‘illa’, que é orixe tanto de illa como de insua.

O topónimo Insua aparece máis de oitocentas veces rexistrado por todo o territorio galego. Curiosamente, os concellos onde máis se repite este topónimo son do interior de Galicia.

Pode aparecer con sufixacións diminutivas, para especificar o seu pequeno tamaño, como Insuela ou Insuíña.

En galego actual temos outras palabras derivadas do latín *insula*: insular, illote, illar, illado, illamento, illante.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.



## O Lago Morto (San Pedro)

O lugar denominado Lago Morto forma parte da praia Vella ou praia do Rabiño, no monte da Telleira. Refírese á zona máis recollida da praia Vella, onde o mar se remansa protexido pola barra de area que rodea esta punta do monte da Telleira.



A palabra lago provén do latín *lacu* ‘lago, estanque’. A outra palabra que forma parte da composición do topónimo provén do latín *mortu*, participio verbal do verbo latino *morire*.

A palabra Lago fai referencia ao estancamento da auga do mar que se produce neste lugar pola pouco fondura que hai, e a palabra morto refírese ao pouco movemento da auga nesta paraxe.

## A Lagoa (O Coto)

Este é un topónimo con moita presenza en toda Galicia motivado pola orografía dos terreos, o que permite a acumulación da abundancia de auga que existe ao longo do ano.

Pode nomear a existencia dunha lagoa como tal ou de terreos con abundante auga.


A súa orixe está no latín *lacuna*. Na evolución da palabra no noso idioma, o -N- intervocálico desaparece, como lles ocorre a moitas das palabras máis antigas da nosa lingua como moeda (lat. *moneta*), lúa (lat. *luna*), soar (lat. *sonare*).

En Galicia están recollidos máis de dous mil topónimos con esta base léxica, a partir da cal se desenvolven variantes como Laguíña, Lagoeiro, Lagoela...



En Redondela tamén ten unha gran presenza nas nosas parroquias: Cabeiro, Cedeira, Negros, Quintela, Saxamonde, O Viso ou Vilar de Infesta.

No *Foro que fixo o apoderado de Pedro de Sotomayor a Lorenzo de Lobelle* (1549) xa aparece rexistrado este topónimo, localizado con precisión: “heredad da Lagoa junto al río que se mete en la marea por debajo del puente Esteyro”.



## As Lagoas (Outeiro das Penas)

Este é un topónimo con moita presenza en toda Galicia motivado pola orografía dos terreos, o que permite a acumulación da abundancia de auga que existe ao longo do ano.


Pode nomear a existencia dunha lagoa como tal ou de terreos con abundante auga.

A súa orixe está no latín *lacuna*. Na evolución da palabra no noso idioma, o -N- intervocálico desaparece, como lles ocorre a moitas das palabras máis antigas da nosa lingua como moeda (lat. *moneta*), lúa (lat. *luna*), soar (lat. *sonare*).

En Galicia están recollidas máis de dous mil topónimos con esta base léxica, a partir da cal se desenvolven variantes como Laguíña, Lagoeiro, Lagoela...

En Redondela tamén ten unha gran presenza nas nosas parroquias: Cabeiro, Cedeira, Negros, Quintela, Saxamonde, O Viso, Vilar de Infesta.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.





## A Laxe / As Laxes (O Coto)



Unha laxe designa habitualmente un grande penedo caracterizado pola súa superficie lisa.

A procedencia desta palabra está no latín galaico \**lagna*, que tería, á súa vez, unha orixe prerromana, seguramente céltica. Desta forma latina proceden tamén os termos equivalentes do portugués *lage* e do castelán *laja*, inda que a palabra castelá é un préstamo galego-portugués.

En Galicia é unha palabra abundante por todo o territorio, o que se entende pola natureza pedrosa da nosa paisaxe: Laxedo, Laxendo, Laxido, Laxosa, Laxoso, Laxielas, Laxiña, Laxás, Laxeiro...

En Redondela é tamén un topónimo con bastante presenza. Podemos atopalo en Cabeiro, Negros, Cedeira, Reboreda, Trasmañó e na propia vila de Redondela.

## A Leira (O Carballiño)

Unha leira é un terreo de plantación ao que tamén denominamos unha veiga ou mesmo un eido, con este significado.

Non hai unanimidade en canto á orixe desta palabra tan popular no noso vocabulario. Hai autores que lle atribúen unha orixe prerromana, posiblemente un celtismo a partir dunha forma anterior \**plarea* ‘chan’. Nas linguas célticas o p- inicial pérdese. Polo tanto, para algúns autores as nosas leiras entroncan co céltico *lar* ou *laria*, ‘terreo chaira’. En cambio, en latín este p- inicial non se perde e derivaría en \**planus* ‘campo, terra chaira’. En textos medievais galegos atopámola escrita como *larea*.

En Galicia aparece de forma abundante por todo o territorio baixo diferentes variantes derivadas como Leiro, Leirado, Leiradiño, Leiriña...

En Redondela atopámola en varias parroquias como Cabeiro, Cedeira, Negros ou Quintela.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.

## As Leiras (Outeiro das Penas)


Unha leira é un terreo de plantación ao que tamén denominamos unha veiga ou mesmo un eido, con este significado.

Non hai unanimidade en canto á orixe desta palabra tan popular no noso vocabulario. Hai autores que lle atribúen unha orixe prerromana, posiblemente un celtismo a partir dunha forma anterior \**plarea* ‘chan’. Nas linguas célticas o p- inicial pérdese. Polo tanto, para algúns autores as nosas leiras entroncan co céltico *lar* ou *laria*, ‘terreo chairo’. En cambio, en latín este p- inicial non se perde e derivaría en \**planus* ‘campo, terra chaira’. En textos medievais galegos aparece escrita como *larea*.

En Galicia aparece de forma abundante por todo o territorio baixo diferentes variantes derivadas como Leiro, Leirado, Leiradiño, Leiriña...

En Redondela atopámola en varias parroquias como Cabeiro, Cedeira, Negros ou Quintela.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo.




## O Lombo (O Coto)

O topónimo Lombo e as súas variantes (Lomba, Lombeira, Lombiño etc.) é abundante nos nomes de lugar por toda Galicia, debido ás elevacións do terreo que existen por calquera recanto da nosa xeografía.

A palabra lombo provén do latín *lumbu* ‘cadril, parte inferior das costas, lombo’ e nomea lugares onde hai unha elevación do terreo, xeralmente alongadas. A aplicación da palabra lombo a estas formas do terreo desenvolveuse a partir da semellanza coa forma redondeada que adquire lombo humano.

En Redondela temos A Lomba (O Viso), O Lombo (Quintela e O Viso) ou Os Lombos (Saxamonde).

En Galicia están recollidos cerca de dous mil topónimos sobre esta base.



(Forma rexistrada no Viso en 1644)



## O Loural de Abaixo / de Arriba (Outeiro das Penas)

Este topónimo designa un lugar onde abundan loureiros (*Laurus nobilis*). A palabra Loural provén do latín clásico *lauru*, ao que se lle engade un sufixo latino *-ale* con valor colectivo ou abundancial, como ocorre en toxal, piñeirál, herbal etc.

Non obstante, a partir da denominación común desta árbore, loureiro, cabería agardar un derivado abundancial Loureiral, que existe por outros lugares de Galicia. Outro sufixo colectivo que tamén expresa a abundancia de loureiros é a terminación *-edo*, *-ido*, que dá os topónimos Louredo, Lourido.

Como curiosidade, no caso que nos ocupa observamos, entón, que o nome do loureiro provén do latín coloquial *laurariu*, mentres que o nome colectivo ou abundancial que está presente na toponimia de Cesantes provén dun latín clásico *lauru*.

En Redondela aparecen recollidos topónimos a partir da palabra loureiro en Cesantes, Cedeira, Quintela, Reboreda, Vilar de Infesta ou O Viso.



En Galicia están recollidos máis de mil topónimos derivados da palabra loureiro.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparecen rexistrados estes topónimos.

## O Matadeiro (San Pedro)

Este topónimo dálle nome ao lugar en que se atopaba o matadoiro de Redondela. Estaba situado onde hoxe se localiza o centro de saúde do concello. Foi construído en 1926 e estivo en funcionamento ata 1984. Foi pechado por non cumprir as medidas de hixiene básicas.

A palabra matadeiro é unha castelanización da forma correcta en galego matadoiro. Este substantivo provén do verbo latín *matare* ‘matar’, ao que se lle engade un sufixo -oiro que forma neste caso un substantivo a partir dunha base verbal (matar).

## A Mellora (O Carballiño)


A mellora é a parte da herdanza que se lle deixa a un dos fillos ou fillas a maiores da que lle correspondería como lexítima. Favorécese normalmente o descendente que queda na casa ao coidado dos pais. Esta mellora equivale normalmente a unha terza ou quinta parte do total da herdanza.

A orixe desta palabra está no latín *meliora* ‘mellora’.

En Galicia pode aparecer baixo as formas Mellora, Mellorada, Mellorado, Horta de Millorado, Millora, esta última na zona occidental do noso territorio, onde transformamos en moitas palabras un e en sílaba átona inicial en i: \*pior, \*midir, \*millor etc.

En Redondela podemos atopala en Cedeira como Millora.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes*, de 1763, xa aparece rexistrado este topónimo como Millora.



8. . . . . Knapreza labrada de Tegadi  
al sitio de Millora haz una tercia parte

## A Milleira (O Coto)

Unha milleira ou milleiro é unha leira plantada de millo. A palabra millo ten as súas orixes no latín *miliu* ‘moído’. A terminación en -eiro, -eira procede do latín *-ariu*, *-aria*. Trátase dun sufixo moi empregado na derivación de palabras e que lles proporciona distintos significados; neste caso, para denominar un lugar onde se atopa este tipo de plantación, como sucede en herbeiro, fenteira etc.


En Galicia temos dous tipos principais de millo: un millo miúdo e un millo grosso. Hoxe en día o millo grosso é o maioritario. Este millo grosso (a denominación científica é *Zea mays*) foi o que chegou da América tras a conquista do continente, antes aquí non existía. Ata ese momento aquí tiñamos un millo de grans miúdos (a denominación científica é *Panicum miliaceo*) co que tamén se elaboraba fariña e pan. Cando chegou o millo grosso americano, foi substituíndo pouco a pouco o noso millo autóctono, presente no territorio desde época castrexa. Incluso adoptou tamén o nome do noso millo ancestral e pasou a denominarse da mesma maneira, só distinguidos polo cualificativo posterior: millo miúdo, para o autóctono, e millo grosso, para o americano.

A millarada en Cesantes ten a acepción millo basto, de media altura, que non se deixa medrar ata facer pendón e se corta para forraxe de animais. Noutros lugares de Galicia tamén se denomina millo do gando ou millo pallagueiro.

A toponimia actual que teña referencias a plantacións de millo, como milleiro, millada, millarada etc. está presente xa desde a Idade Media nos documentos, polo tanto son palabras cunha antigüidade superior á do millo grosso que coñecemos na actualidade como máis habitual nas nosas plantacións, que foi suplantando, como xa apuntamos, o millo autóctono.

En Redondela temos máis topónimos derivados de millo: Millarada (Cabeiro, Vilar de Infesta), Millerada (Quintela).

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, aparece recollido en Cesantes o topónimo Milleiro.



3. . . . . Propiedade de terra labradia  
secano al rrio de Milleiro hazemedo

## A Mina (Outeiro das Penas)

Unha mina é unha escavación subterránea destinada á captación de auga para abastecemento das casas.


A orixe da palabra é controvertida, xa que para algúns autores pode estar no latín *minam* e para outros no céltico *mein* ‘mina, mineral’, que chegaría á península a través do francés *mine*.

A forma derivada Minada pode proceder dun participio verbal latino *minata* ‘minada’, empregado como segunda parte dunha forma composta: *terra minata*.

O topónimo Mina témolo recollido tamén nas parroquias de Cedeira e Vilar de Infesta.

O topónimo Minada podemos atopalo nas parroquias de Cesantes, Cabeiro, Cedeira, Negros, Quintela, Reboreda, Saxamonde e Vilar de Infesta, o que evidencia a importancia destas infraestruturas para a provisión de auga para as vivendas.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece recollido en Cesantes este topónimo.



## A Minada (O Coto)

Unha mina é unha escavación subterránea destinada á captación de auga para abastecemento das casas.

A orixe da palabra é controvertida, xa que para algúns autores pode estar no latín *minam* e para outros no céltico *mein* ‘mina, mineral’, que chegaría á península a través do francés *mine*.

A forma derivada Minada pode proceder dun participio verbal latino *minata* ‘minada’, empregado como segunda parte dunha forma composta: *terra minata*.

O topónimo Mina témolo recollido tamén nas parroquias de Cesantes, Cedeira e Vilar de Infesta.

O topónimo Minada podemos atopalo nas parroquias de Cabeiro, Cedeira, Negros, Quintela, Reboreda, Saxamonde e Vilar de Infesta, o que evidencia a importancia destas infraestruturas para a provisión de auga para as vivendas.



## Monte Cabaleiro (Outeiro das Penas)

A orixe e o significado verdadeiro do topónimo Cabaleiro aplicado a este monte que queda a continuación do Outeiro das Penas non ten unha doada interpretación.



Por unha parte, podería facer referencia a unha persoa que tivese este título nobiliario, ese nomeamento ou que fose alcumada deste xeito, fose nobre ou non.

Por outra parte, tamén existiría a posibilidade de que nomease un monte onde houberse cabalos. E finalmente tamén podería referirse a un monte onde houberse pedras ou rochas cabalgadas, superpostas, tamén denominadas pedras cabalares. A proximidade co Outeiro das Penas (penedos) pode ser significativa neste sentido. Mais tamén pode referirse a pedras ou rochas que teñan un significado arqueolóxico ou etno-gráfico. Lembremos que neste monte está situada a denominada Pía da Moura ou Bañeira da Moura. Un lugar formado por rochas superpostas e con lendas de mouras asociadas. Localízase nun espazo de bosque denominado precisamente O Eido da Moura.

En Galicia temos abundantes topónimos referidos a pedras cabalgadas: Pena Cabaleira (Coirós, Palas de Rei, Cervo, O Bolo, Muras, A Veiga, Taboada, Oza Cesuras, Dumbría), Pedra Cabalaria (Vigo).

## Monte Pousado (O Coto)

Na parte alta deste monte está encravada a aldea do Coto (nome que, á súa vez, fai referencia á parte máis elevada dun monte).

Pousado provén do participio verbal latino *pausatū* ‘pousado, pausado’, pertencente ao verbo *pausare* ‘pousar, pausar’, derivado do substan-

tivo latino *pausa* ‘pausa’. As palabras modernas pouso, repouso, pousar, repousar, pousada, pousadeiro, pousadoiro (pousadouro na nosa zona) pertencen a esta familia léxica. As palabras pausa e pausado son formas modernas cultas desta mesma orixe.

A subida á aldea do Coto conta cunha costa bastante pronunciada que obrigaría a facer unha parada para repousar e pousar a carga que se transportase. Normalmente pode atoparse no medio da subida ou ao final da costa na zona máis chaira.

Na veciña parroquia de Reboreda hai outro lugar denominado Pousadouro, que ten o mesmo significado e queda no alto da subida desde a vila polo camiño de Ventosela. Na parroquia de Chapela tamén temos o camiño do Pousadouro, que sobe de forma pronunciada desde a avenida de Vigo cara á avenida de Redondela. En Cedeira temos o monte do Pousiño e en Quintela o lugar do Pouso.

No veciño concello de Vigo atopamos o topónimo Pousafoles, que era o primeiro remanso de descanso dende a subida do río Lagares ata a avenida da Gran Vía.


A orografía tan accidentada de Galicia fai que teñamos rexistrados máis de mil topónimos a partir da palabra pouso: Pousiño, Pousonciño, Pousadela, Chao da Pousa etc.

## A Monteira (Outeiro das Penas)

O topónimo Monteira deriva da palabra monte e refírese a unha elevación ou desnivel pronunciado do terreo. Este lugar, en concreto, está situado na pronunciada baixa que vai desde a estrada nacional N-550 para a punta da praia, pola rúa dos Castiñeiros. No fondo da baixada, xunta a vía do tren, temos tamén a denominada fonte da Monteira.

A palabra monte provén do latín *montem* ‘monte’. A forma derivada Monteira presenta un sufixo -eira que procede do latín *-aria*. Trátase dun sufixo moi empregado na derivación de palabras e que lles proporciona distintos significados. Neste caso, fai referencia a lugares significados na topografía: outeiro, pedreira, ladeira, ribeira etc.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece recollido en Cesantes este topónimo.



## O Nogueiral (San Pedro)

Un nogueiral é un lugar onde abundan as nogueiras. Este topónimo provén da palabra latina *nucaria*, que deriva da palabra nuce ‘noz’ á que se lle engadiu o sufixo *-ariu*, *-aria*.

No caso do topónimo Nogueiral temos unha dobre sufixación: as terminacións latinas *-aria* e *-ale*, que dan en galego *-eira* e *-al*, respectivamente.

A terminación en *-eiro*, *-eira* é un sufixo moi empregado na derivación de palabras e que lles proporciona distintos significados. Neste caso para denominar árbores e plantas: laranxeira, limoeiro, meloeiro, figueira etc.

O sufixo *-al* proporciónalle á palabra un valor colectivo ou abundancial, como sucede en topónimos como Toxal, Herbal ou Piñeiral. Outro sufixo con valor colectivo ou abundancial é *-edo*, *-ido*, que vemos en Carballedo, Teixido, Figueirido etc. Na parroquia de Cedeira atopamos un lugar denominado Nogueiride, que ten o mesmo significado abundancial que Nogueiral.

Topónimos en Redondela coa palabra nogueira tamén os atopamos no Viso, Negros, Vilar de Infesta, ou As Nogueiriñas en Quintela.

En Galicia os topónimos vinculados coa nogueira e as noces son moi abundantes e con numerosas variantes: Nogueirás, Nogueiroá, Nogueiró, Noceda, Nogueado, Nogaledo, Nogueiredo, Nogueirosa.

Este topónimo aparece rexistrado en Cesantes nun documento titulado *Venta dunha parte no campo do Nogueiral* (1705).

## Novás (O Carballiño)

Este topónimo deriva da palabra novo. Novás é o plural de noval. A orixe está no latín *novu*, ao que se lle engade o sufixo *-ale* cun significado abundancial ou colectivo, como aparece en toxal, carballal, xestal etc.

O plural destas palabras agudas rematadas en *-al* deu en galego varias solucións. A formación plural orixinal (noval, ostral, toxal, piñeiral) perde, no galego máis antigo, o L intervocálico (como en tantas outras palabras como muíño < *molinu*, vixiar < *vigilare*, pau < *palu* etc.). Esta perda do L intervocálico levou unha primeira aparición dun plural rematado nun ditongo: \*novaes, \*ostraes, \*toxae, \*piñeirae, que posteriormente presentaron unha dobre evolución. Na zona oriental de Galicia pasou a rematar en *-ais* (novais, ostrais, toxais, piñeirais) e no resto do territorio reduciuse a unha soa vogal: novás, ostrás, toxás, piñeirás.

O galego actual tomou como normativa a terminación -ais. A terminación en -ás aínda se conserva na fala nalgúns lugares de Galicia en palabras como *catedrás*, *reás* (que mesmo monotonga en ras) etc.


Pero, pola contra, a toponimia garda esta terminación en moitas denominacións de lugares: Currás, Xuncás, Viñás, Trigás, Toxás etc.

Con esta terminación, en Cesantes temos rexistrados os topónimos Ostrás, Novás e Pedrás. En Vilar de Infesta tamén aparece o topónimo Os Carrizás.

O topónimo Novás aplícase a terras que son de novo cultivo, en numerosas ocasións gañadas a zonas rozadas de monte. Estas novas terras gañadas para plantación reciben numerosos nomes na nosa toponimia: Rotea ou Arrotea, Cachada, Rozada, Cavada, Vesada, Estibada, Asucada... Son topónimos que conservamos na actualidade relacionados coas diferentes formas de chamarlle a ese traballo agrícola. Este labor cobrou unha especial intensidade a partir do século XVII coa implantación cada vez maior dos novos produtos chegados de América.

En Galicia tamén atopamos este topónimo baixo outras formas variadas como As Anovadas, Os Novais, Novaisiño, Noval...

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece recollido en Cesantes este topónimo.



## Ostrás (Outeiro das Penas)

Ostrás é o plural da palabra ostral, que significa lugar abundante en ostras. O termo ostra provén do latín *ostrea*, con ese mesmo significado. O sufixo que se lle engade terminado en -al dálle un valor abundancial, como en tozal, piñeiral, herbal etc.


O plural destas palabras agudas rematadas en -al deu en galego varias solucións. A formación plural orixinal (ostrales, toxales, piñeirales) perde, no galego máis antigo, o L intervocálico (como en tantas outras palabras como muíño < *molinu*, vixiar < *vigilare*, pau < *palu* etc.). Esta perda do L intervocálico levou unha primeira aparición dun plural rematado nun ditongo: \*ostraes, \*toxae, \*piñeirae, que posteriormente

presentaron unha dobre evolución. Na zona oriental de Galicia pasou a rematar en -ais (ostrais, toxais, piñeirais) e no resto do territorio reduciuse a unha soa vogal: ostrás, toxás, piñeirás.

O galego actual tomou como normativa a terminación -ais. A terminación en -ás aínda se conserva na fala nalgúns lugares de Galicia en palabras como *catedrás*, *reás* (que mesmo monotonga en ras) etc. Pero, pola contra, a toponimia garda esta terminación en moitas denominacións de lugares: Os Carrizás (Vilar de Infesta), Currás, Xuncás, Viñás, Trigás, Toxás etc.

O topónimo Ostrás, en ocasións, aparece erroneamente escrito separado en dúas palabras Os Tras. Este erro débese ao que se chama unha falsa segmentación de artigo, xa que ao perderse o significado orixinal do topónimo, interprétase a primeira parte da palabra como un artigo.

No documento titulado *Aprobación de venta a favor de Francisco de Santabaia* (1559) xa aparecer rexistrado este topónimo en Cesantes.



## Outeiro das Penas



A partir do latín clásico *altu* ‘alto, elevado’ creouse a palabra *altariu*, coa derivación a través do sufixo *-ariu*, que deu en galego actual *outeiro*, que designa un monte de pequena altura.

A terminación en -eiro, -eira procede do latín *-ariu*, *-aria*. Trátase dun sufixo moi empregado na derivación de palabras e que lles proporciona distintos significados. Neste caso outórgalle ao topónimo un valor locativo, coa indicación de lugar topográfico, como sucede en ribeira, comareiro etc.



En Redondela temos rexistrado o topónimo Outeiro en Negros, Quintela, Reboreda ou Saxamonde; e a súa variante diminutiva Outeiriño en Cedeira.


Outeiro é un topónimo moi habitual en Galicia con ao redor de cinco mil lugares rexistrados en todo o territorio. A orografía Galega, ategada de elevacións do terreo, propicia a existencia de tantos lugares con esta denominación.

A palabra Pena significa pedra, penedo e ten unha orixe incerta. Para algúns autores proviría do latín *pinna* ‘pluma, pináculo, ameia dunha muralla’; para outros autores podería provir dunha base léxica prerromana \**penn-* ‘rocha, pena’.

En Redondela conservamos outros topónimos con esta palabra, como o camiño da Pena en Vilar de Infesta ou o camiño das Penas en Cedeira; tamén atopamos derivados da palabra pena como o monte da Peneda, ou monte Penide.

En moitas ocasións, os topónimos dan lugar á existencia de apelidos homónimos. No caso do topónimo Outeiro non hai unha correspondencia co agardado apelido Outeiro, do que existen apenas uns trescentos casos no mapa da Cartografía dos Apelidos de Galicia, mentres que a forma castelanizada Otero presenta máis de corenta e dous mil apelidos rexistrados. Este é un exemplo da castelanización idiomática que sufriron os nosos apelidos ao longo da historia.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo.



## A Pantalla (O Coto)



Este topónimo provén do monumento conmemorativo ou posible leguario (medidor de distancias en leguas da antigüidade, equivalente a 5.572 metros) que existe ao lado da N-550, no comezo da costa do Pereiro. A forma que presenta, a xeito de gran pantalla pétreo, orixinou a denominación deste lugar do barrio do Coto: A Pantalla.



Pola súa morfoloxía, habería que poñelo en relación con outras dúas construcións máis pequenas deste estilo que existen en Vilavella, na ponte sobre o río Maceiras, denominadas “marcas do rei”. Ambas as tres construcións son moi semellantes na forma, aínda que difiren no tamaño, xa que esta da Pantalla é de moita maior dimensión e tamaño. As tres construcións presentan varias liñas escritas, que foron repicadas para intentar borrar as inscricións que hai nelas. A Pantalla contiña un mínimo de seis liñas, hoxe en día ilexibles. As “marcas do rei” de Vilavella conseguiron conservar, a pesar da agresión do repicado que sufriron, algunhas palabras que nos permiten contextualizalas: nunha delas lese a expresión “reinando el señor Carlos IV” e na outra unha data: MDCCCVII ‘1807’, e farían referencia a este monarca, promotor do acondicionamento como camiño real principiado a finais do século XVIII.

## Pedra Branca (San Simón)

A palabra pedra provén do latín *petra*, con este mesmo significado. Os topónimos aos que deu orixe coas súas múltiples variantes foron moi abundantes por toda Galicia, con varios milleiros de topónimos. Outras formas sinónimas de pedra que temos no noso idioma son pena, penedo ou rocha.

O adxectivo Branca que acompaña a palabra Pedra fai referencia á súa cor. Esta pedra atópase no mar, no lado norte da illa de San Si-



món e presenta esta característica. A palabra branco provén do xermanico *blank* ‘brillante, branco’, que ten a súa orixe na base léxica *blinken* ‘brillar’. O xermanismo branco desprazou a palabra anterior latina *albu*, que conservamos en palabras como *alba*, *albino*, *alborexar* etc.

A partir da palabra pedra, en Cesantes temos outros topónimos como Pedras do Castañal, Pedra Rubia, A Pedreira ou unha forma

con terminación *-al* que indica colectivo ou abundancia: Pedrás, plural de pedral.

No concello de Redondela podemos atopar en calquera das nosas parroquias topónimos relacionados coa palabra pedra. A carón das variantes de pedra, tamén temos outros topónimos que teñen un significado semellante como son os derivados de pena (Peneda, Penide...) ou de laxe (Laxoso, Laxial, Laxeiro...).

## A Pedra Rubia (San Pedro)

A palabra pedra provén do latín *petra*, co este mesmo significado. Os topónimos aos que deu orixe coas súas múltiples variantes foron moi abundantes por toda Galicia, con varios milleiros de topónimos. Outras formas sinónimas de pedra que temos no noso idioma son pena, penedo ou rocha.



O adxectivo Rubia que acompaña a palabra Pedra fai referencia á súa cor. A palabra rubio provén do latín *rubeu* ‘avermellado’, que en galego deu as palabras rubio e roibo, cor entre o castaño tirando a vermello e o amarelo tirando a vermello.

Normalmente, os topónimos Pedra Rubia designan pedras cubertas de liques que lles outorgan unha color rubia ou entre amarelo e encarnado. No caso da Pedra Rubia, refírese a unha pedras desta cor que se atopan no areal de Cesantes, entre a Marina e o Loureiro.


A partir da palabra pedra, en Cesantes temos outros topónimos como Pedras do Castañal, Pedra Branca, A Pedreira ou unha forma

con terminación -al que indica colectivo ou abundancia: Pedrás, plural de pedral.


No concello de Redondela podemos atopar en calquera das nosas parroquias topónimos relacionados coa palabra pedra. A carón das variantes de pedra, tamén temos outros topónimos que teñen un significado semellante como son os derivados de pena (Peneda, Penide...) ou de laxe (Laxoso, Laxial, Laxeiro...).

En Galicia están rexistrados máis de vinte lugares coa denominación de Pedra Rubia ou Pena Rubia.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo.



D. D. Juan de la Cruz Inapresa de Thome alvino  
de Pedra Rubia haze la desumapax



P. Rubia Max

Mención da Pedra Rubia con alusión á súa localización á beira do mar.

## Pedrás (O Coto)

Este topónimo deriva da palabra pedra. Pedrás é o plural de pedral, sinónimo de pedregal, lugar cuberto de pedras. A orixe está no latín *petra*, ao que se lle engade o sufixo *-ale* cun significado abundancial ou colectivo, como aparece en toxal, carballal, xestal etc. O topónimo Pedrás está rexistrado no barrio do Coto no mesmo lugar en que se sitúa tamén o topónimo A Canteira.

O plural destas palabras agudas rematadas en -al deu en galego varias solucións. A formación plural orixinal (pedrales, ostrales, toxales, piñeirales) perde, no galego máis antigo, o L intervocálico (como en tantas outras palabras como muíño < *molinu*, vixiar < *vigilare*, pau < *palu* etc.). Esta perda do L intervocálico levou unha primeira aparición dun plural rematado nun ditongo: \*pedraes, \*ostrales, \*toxae, \*piñeirales, que posteriormente presentaron unha dobre evolución. Na zona oriental de Galicia pasou a rematar en -ais (pedrais, ostrais, toxais, piñeirais) e no resto do territorio reduciuse a unha soa vogal: pedrás, ostrás, toxás, piñeirás.


O galego actual tomou como normativa a terminación -ais. A terminación en -ás aínda se conserva na fala nalgúns lugares de Galicia en palabras como *catedrás*, *reás* (que mesmo monotonga en ras) etc.

Pero, pola contra, a toponimia garda esta terminación en moitas denominacións de lugares: Os Carrizás (Vilar de Infesta), Currás, Xuncás, Viñás, Trigás, Toxás etc.

Con esta terminación, en Cesantes temos rexistrados os topónimos Ostrás, Novás e Pedrás. En Vilar de Infesta tamén aparece o topónimo Os Carrizás.

En Galicia están rexistradas varias decenas de topónimos baixo a forma de Pedral e o seu plural Pedrás e Pedrais por todo o territorio.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo.



## Pedras do Castañal (San Pedro)

A palabra pedra provén do latín *petra*, co este mesmo significado. Os topónimos aos que deu orixe coas súas múltiples variantes foi moi abundante por toda Galicia con varios milleiros de formas.

Un castañal é un lugar poboado de castiñeiros. En galego tamén se denomina souto ou castiñeira. É un topónimo construído sobre a base castaña, do latín *castanea*, e o sufixo *-ale*, que lle engade un significado colectivo, como ocorre noutros topónimos como Toxal, Carrascal, Piñeiral, Carballal...

A partir da palabra pedra, en Cesantes temos, por exemplo, Pedra Branca, Pedra Rubia, A Pedreira ou unha forma con terminación -al que indica colectivo ou abundancia: Pedrás, plural de pedral. A carón das variantes de pedra, tamén temos outros topónimos que teñen un significado semellante como son os derivados de pena (Peneda, Penide...) ou de laxe (Laxoso, Laxial, Laxeiro...).

Tamén en Cesantes temos máis topónimos derivados da castaña como Castiñeiros, O Castañal ou a Fonte do Castiñeiro.

No resto de Redondela tamén temos o topónimo Castañal en Cedeira, Negros, Quintela, Reboreda, Saxamonde ou Vilar de Infesta.

En Galicia están rexistradas preto de dúas mil formas toponímicas derivadas da palabra castaña.

## A Pedreira (San Pedro)

Este topónimo nomea lugares onde se realizaba algún tipo de traballo coa pedra, normalmente de extracción. Na maioría dos casos é sinónimo de canteira.

Pedreira é un derivado da palabra pedra ao que se lle engade o sufixo -eira. A palabra pedra provén do latín *petra*, co mesmo significado.


O sufixo -eira procede do latín *-aria*. Trátase dun sufixo moi empregado na derivación de palabras e que lles proporciona distintos significados. Neste caso, fai referencia a lugares onde se atopa o elemento ao que se refire: leoneira, galiñeiro, estaleiro, canteira etc.

A carón das variantes de pedra, tamén temos outros topónimos que teñen un significado semellante como son os derivados de pena (Peneda, Penide...) ou de laxe (Laxoso, Laxial, Laxeiro...).

Os topónimos que teñen a palabra pedra como base son moi abundantes en Galicia e adoptan numerosas variantes: Pedroso, Pedrosa, Pedrido, Pedrouzo, Pedregal, Pedrón...

En Redondela podemos atopar: Eira Pedriña (Cedeira), A Pedreira (Cedeira, Saxamonde), O Pedreiro (Quintela) O Pereiro (Cesantes), Pedrancha (Saxamonde).

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo.



A . . . . . O lugar de terra labrada  
seco al qual da pedreira haze un fe

## A Pereira (O Coto)

Este topónimo pode ter dúas posibilidades de significación. Por unha parte, a propia palabra nos remite ao nome da árbore que produce peras; por outra, tamén pode ser unha variante de pedreira, canteira. Será a visualización do lugar o que nos dea a pista de se se trata dun terreo de extracción de pedra ou de plantacións de árbores froiteiras.

Cando a pescuda visual non sexa suficiente, será a memoria da veciñanza a que poida darnos maior claridade a este respecto.

Se se tratar dun lugar poboado de pereiras, esta palabra provén do latín *piraria*, que deriva á súa vez do termo latino *pira* ‘pera’.


Se se tratar dunha pedreira, o topónimo Pereira tamén sería semellante ao topónimo Pereiro, terían a orixe no latín *petraria*, *petrariu*. Na evolución do latín ao galego as formas *petrariu*, *petraria* pasan a pedreiro, pedreira, que poden manterse como tal ou perderen o -d- e resultaren pereiro, pereira, co significado de lugar poboado de pedras. Esta perda do -d- tamén se produciu no nome Pedro, que ten o seu correlativo Pero na Idade Media (cfr. trobadores Pero Meogo, Pero Gonçalves) e que deu lugar ao apelido Pérez.

Este topónimo, calquera que fose o seu significado, ten unha abundante presenza en toda Galicia, con varios milleiros de denominacións e variantes.

En Redondela atopamos este mesmo topónimo en Cabeiro, Cedeira, Negros, Reboreda, Saxamonde ou Vilar de Infesta.

Variantes: As Preiras (Negros e Vilar de Infesta) (por desaparición dunha vogal, como ocorre en palabras como *vran* por verán, *pra* por para ou espírito por espírito) e Pereiriño (Cedeira).

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes o topónimo As Pereiras.



7. . . . . *Extrahabradío de Repadío al sitio das  
Pereiras sembraduxa medio cerrado esde*

## O Pereiro (O Coto)

Este topónimo pode ter dúas posibilidades de significación. Por unha parte, a propia palabra nos remite ao nome da árbore que produce peras; por outra, tamén pode ser unha variante de pedreira, canteira. Será a visualización do lugar o que nos dea a pista de se se trata dun terreo de extracción de pedra ou de plantacións de árbores froiteiras.

Cando a pescuda visual non sexa suficiente, será a memoria da veciñanza a que poida darnos maior claridade a este respecto.

Se se tratar dun lugar poboado de pereiras, esta palabra provén do latín *pirariu*.




Se se tratar dunha pedreira, o topónimo Pereiro tamén sería semellante ao topónimo Pereira, con este significado, e terían a mesma orixe no latín *petrariu*, *petraria*. Na evolución do latín ao galego as formas *petrariu*, *petraria* pasan a pedreiro, pedreira, que poden manterse como tal ou perderen o -d- e resultaren pereiro, pereira, co significado de lugar poboado de pedras. Esta perda do -d- tamén se produciu no nome Pedro, que ten o seu correlativo Pero na Idade Media (cfr. trovador Pero Meogo) e que deu lugar oa apelido Pérez.

O sufixo latino *-ariu*, *-aria*, que dá o actual sufixo *-eiro*, *-eira*, engade sentido de abundancia ou colectivo: carballeira, xesteira, herbeiro etc.

Este topónimo, calquera que fose o seu significado, ten unha abundante presenza en toda Galicia, con varios milleiros de denominacións e variantes.

En Redondela atopamos este mesmo topónimo en Saxamonde, e unha variante diminutiva Pereiriño (Cedeira).

No libro dos *Foros que fai Urraca de Moscoso*, de 1548, xa aparece rexistrado este topónimo en Cesantes.



## Petadas (San Pedro)




Unha petada, aplicada á toponimia da paisaxe, aparece definida nos dicionarios históricos do galego, dende o século XIX, como unha mata de arbustos, plantas baixas etc., ou tamén como un terreo en pendente ou un camiño en costa.

É unha palabra moi pouco frecuente no occidente de Galicia. En cambio, no oriente galego rexístranse por encima dos cen topónimos, maioritariamente para dar nome a terreos rústicos ou camiños costentos.

Nos nosos arredores aparece rexistrado A Petada do Camiño Vello en Oia, que podería referirse a calquera dos dous significados sinalados, xa que denominan unas terras que se atopan en pendente por debaixo da aldea da Portela. Pola contra, tamén se recolle na Illa de Ons un lugar de cons mariños denominado A Petada para nomear unhas rochas onde “peta” o mar, polo tanto, neste caso sería un participio do verbo petar como bater.

En Redondela recóllese este topónimo aplicado a unhas terras situadas por encima da praia Vella, subdivididas en **Petadas de Arriba** e **Petadas de Abaixo**, onde de novo temos a posibilidade de calquera dos dous significados: terreos con matas de arbustos ou terreos en pendente.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo.



## Río Pexegueiro (O Coto)


O río Pexegueiro é a principal corrente fluvial que discorre pola parroquia de Cesantes. Descende desde O Viso e desemboca na marisma de Redondela, despois de percorrer 6 quilómetros.

A palabra río procede do latín *rivu* ‘río’. A segunda parte do topónimo, Pexegueiro, vén da denominación da árbore froiteira, que ten a súa orixe no latín *persicariu*, que deriva do nome da froita, pexego, que en latín era *persicu* ‘de Persia’.

O sufixo latino *-ariu*, *-aria* derivou en galego en *-eiro*, *-eira* e aplicouse a moitos e variados conceptos do noso léxico, entre eles os nomes das árbores froiteiras a partir da denominación da froita: laranxeira, limoeiro.

É habitual que os ríos reciban diferentes nomes ao longo da historia e ao longo do seu curso. En Zacande hai un camiño que vai a este río que se chama camiño do Río Grande, que é como se coñece na actualidade nesta zona da altura do río. Augas abaixo, preto da súa desembocadura aparece en documentos dos séculos XVI e XVII co nome de río do Esteiro. No *Expediente de comprobación de bienes*,

*rentas y cargas*, de mediados do século XVIII, vén mencionado co nome de río Caudal. A palabra Pexegueiro aparece como denominación de terreos próximos ao río Caudal. Nalgún momento destes últimos séculos, o topónimo Pexegueiro, empregado para denominar terreos lindeiros co río, pasou a substituír o nome do propio río Caudal pasando a denominarse río Pexegueiro.



## A Porta Levada (O Carballiño)

O topónimo Porta ou Porto aparece referido ao paso por un lugar ou entrada nun determinado espazo xeográfico. Provéen do latín *portu*, *porta* ‘paso, pasaxe, entrada’. A forma masculina Porto é máis frecuente en lugares de paso de ríos e de montañas (onde tamén se emprega Porta, Portela e Porteliña).


O adxectivo Levada pode provir de ser un lugar de paso cuberto e elevado, ou por estar nunha parte elevada do terreo, xa que se atopa na parte alta do camiño real de Cesantes, na entrada ao núcleo principal da actualidade. A existencia doutro topónimo Porta Levada de Abaixo, situado nunha zona baixa do camiño que comunica coa zona superior onde se atopa o lugar de Porta Levada apunta a esa segunda interpretación. A forma Levada provén da perda da sílaba inicial da palabra Elevada, que ten a súa orixe no participio verbal latino *elevata* ‘elevada, levantada’. Polo tanto, este topónimo, na súa orixe foi Porta Elevada.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, aparece como “Porta Alevada”, no que o “e” inicial de Elevada se transforma en “a” por asimilación fonética do “a” final de Porta (Porta Elevada > Porta Alevada). Posteriormente os dous “a” (final de Porta e inicial de Alevada) contraen nun só “a”, de aí que na actualidade teñamos a palabra Levada, sen “a” inicial. Xa que logo, no rexistro documental que

posuímos do século XVIII podemos observar o paso intermedio entre esa asimilación fonética e a desaparición posterior da sílaba inicial.

Neste mesmo catastro aparece outra denominación simple A Porta, que non sabemos se se refire ao mesmo lugar.

En Redondela podemos atopar numerosos topónimos semellantes con Porto e Porta e que fan referencia a lugares para o paso ou entrada: Porta Cedeira (Cedeira) Veiga da Porta (Quintela) e A Porta do Caballero (Reboreda), Porto Cabeiro (Cabeiro), Muíño do Porto (Quintela), Regueiro do Porto (Quintela), A Portela (Cedeira), Portelo do Supazo (Saxamonde), As Porteliñas (Saxamonde).




## Porto do Río (San Pedro)


O topónimo Porto pode ter varios significados: por unha parte, nomea os lugares de atraque dos barcos; por outra parte, no interior, denomina os pasos de montaña entre distintas vertentes, ou lugares onde os camiños atravesan unha corrente de auga a través de pontes, vaos ou pasais.

A palabra río, á parte de nomear a corrente de auga, nalgúns zonas coma a nosa, tamén é sinónimo de lavadoiro, referido tanto ás construcións cubertas actuais, como ao lugar con lousas situadas na beira da corrente para lavar a roupa.

Na zona onde se sitúa o topónimo Porto do Río temos a nacente de auga dos Barreiros, o regato que flúe deste manancial e o lavadoiro que hai a pouca distancia. Polo tanto, a palabra río pode referirse tanto ao regato que discorre desde o manancial coma ao lavadoiro. O porto viría a ser, entón, o lugar por onde se cruza neste lugar.

No *Foro de Pedro Lobelle a Bartolomé Rodríguez*, de 1587, xa aparece transcrito e rexistrado en Cesantes este topónimo.





Porto do Ryo (1587)

## O Pozo (San Pedro)


A palabra pozo provén do latín *puteu*. Nomea calquera escavación fonda que se realiza no terreo, no só para atopar auga. Tamén pode nomear un lugar profundo dun río. Nos predios labregos era unha obra habitual para asegurar a auga da casa. Mais a palabra pozo dá orixe a un topónimo cando está situado nun lugar referente para a veciñanza.

En moitas ocasións o topónimo Pozo aparece asociado con outras palabras que fan referencia á persoa propietaria, ao uso que se fai del, ás súas características ou ao lugar en que se atopa: O Pozo da Chispa (Cesantes), Pozo do Muíño (Ames), Camín de Pozo Redondo (Navia de Suarna), Pozos do Rial (Allariz).

En Redondela o topónimo Pozo está recollido nas parroquias de Ce-deira, Quintela ou Reboreda.

En Galicia foi recollido na maioría dos concellos do noso territorio, con máis de dous mil seiscentos topónimos rexistrados.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo.



## Punta da Canteira (San Pedro)










Tanto sobreiro como sobreira (*Quercus suber*) proveñen do latín suberaria, derivado á súa vez do latín clásico *suber*. O termo latino suber foi ampliado na maior parte dos territorios co sufixo *-aria*, *-ariu*, co que se obtivo o derivado suberaria, suberariu, do que procede sobreira, sobreiro. O sufixo latino *-ariu*, *-aria* derivou en galego en *-eiro*, *-eira* e aplicouse a moitos e variados conceptos do noso léxico, entre eles os nomes das árbores: laranxeira, limoeiro etc.

Normalmente a sobreira nomea árbores illadas. Cando aparecen formando un bosque, as denominacións colectivas que se empregan de forma maioritaria por Galicia son sobral (sobre o latín clásico *suber*), sobreiral, sobredo e mesmo sobroso e sobrosa.

En Redondela están recollidos Sobreiro en Cedeira, As Sobrosas en Saxamonde, Sobreiral e O Sobreiro no Viso, Cavadoiña do Sobreiro (Ventosela).

En Galicia están rexistrados máis de cincocentos lugares como topónimos a partir do nome desta árbore.

Esta forma en masculino Sobreiro aparece xa recollida no *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas* de 1763 en Cesantes como o sitio do Sobreiro.



## O Rabiño (San Pedro)

O topónimo Rabiño provén da palabra rabo, que ten a súa orixe no latín *rapu*. A terminación *-iño* é un sufixo diminutivo que lle engade un significado de tamaño pequeno.

Este sufixo *-iño* procede do latín *-inu*. Durante os primeiros séculos da implantación do latín no territorio galaico, o sufixo diminutivo predominante era *-elo*, *-ela*, aínda hoxe con notable presenza na nosa toponimia, mais a partir do século XI o sufixo diminutivo predominante pasou a ser *-iño*, hoxe en día xa case única na derivación de calquera palabra ao seu correspondente diminutivo.


En Redondela existen outros topónimos con terminacións diminutivas a partir da palabra rabo: O Rabelo (Cabeiro), Rabela (Cedeira) e O Rabicho (Cedeira, Vilar de Infesta). Nestes casos a in-

terpretación tería que ver coa forma estreita e alongada das leiras, nalgunhas ocasións tamén curvadas, o que as semellaría á forma do rabo animal.

O topónimo O Rabiño que temos en Cesantes está situado no remate do monte da Telleira. Con esta denominación son coñecidas as leiras que están por encima da praia Vella, así como a propia praia Vella, que tamén é coñecida como praia do Rabiño. O remate do monte da Telleira sobre o mar tamén se denomina Punta do Rabiño, polo que non podemos desbotar que o topónimo poida facer referencia tamén ao remate en punta do monte da Telleira.

En Galicia están rexistrados ao redor de vinte topónimos coa forma diminutiva Rabiño.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo.



## A Rampla (O Coto)

Unha rampla é un plano inclinado de terreo que permite transitar entre dúas zonas en desnivel. Neste caso o lugar denominado A Rampla salva o desnivel entre a N-500 e a estrada vella anterior á actual.

Provéen do francés *rampe*, que deriva dun verbo do francés antigo *ramper*, e penetra na península ibérica a partir do século XVI.

En Redondela atopamos o topónimo Rampa en Saxamonde.

En Galicia están rexistrados decenas de topónimos con esta denominación por todo o territorio.

## O Redondo (O carballiño)

A orixe deste topónimo está no latín *rotundus* 'redondo', derivado á súa vez do latín *rota* 'roda'. Normalmente fai referencia a propiedades ou lugares da paisaxe que presentan unha forma redondeada.

En Redondela temos varias parroquias onde figura este topónimo: Redondo (Cedeira, Quintela, Vilar de Infesta ou O Viso), Redonda (Negros, Quintela).

O propio topónimo que nomea o noso concello Redondela, provén dunha forma diminutiva rematada en -ela da palabra redondo.

En Galicia, estas formas redondeadas dos terreos ou da orografía da paisaxe está presente por todo o territorio con máis de dous mil dous-centos topónimos rexistrados.

Como curiosidade, podemos indicar que en Galicia están rexistrados tamén máis de corenta lugares que se chaman Redondela.


## A Rega (Outeiro das Penas)

É un derivado de rego que alude á abundancia de canles ou regos de auga. Tamén se entende a palabra rega como a acción de regar. Na toponimia refírese normalmente a lugares por onde discorre a auga, canalizada ou natural e terreos angostos por onde circula unha corrente de auga. Así mesmo, este topónimo tamén aparece vinculado a terreos húmidos ou pantanosos.

Sobre a súa orixe, algúns autores atribúenlle unha procedencia prerromana a partir da raíz \*rek-. Para outros autores tería orixe no latín *riga*, que habería que poñer en relación co propio verbo latino *rigare* 'regar'.

En Galicia é un topónimo moi abundante e espallado por todo o territorio. En Redondela atopamos As Regadas (Cedeira), A Regadiña (Cedeira), Lugar da Rega (Saxamonde).

En Cesantes xa aparece recollido con esta forma no *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas* de 1763.



## O Regato (Outeiro das Penas)

A praia de Cesantes ten unha lonxitude total de 2,65 km. Ao longo do seu percorrido vai haber diferentes topónimos para denominar distintas zonas da praia. Os topónimos serven como xeolocalizadores para situar calquera punto ao longo do areal.

Comezando desde o peirao de Cesantes, podemos xeolocalizar diversas zonas. A uns cento cincuenta metros do peirao está a zona de-

nominada Os Barreiros. Seguidamente temos a zona do Castañal. Un pouco máis adiante está A Marina. Posteriormente a zona da Pedra Rubia, seguida do Loureiro ou do Estaleiro. Finaliza esta banda do Sur na Punta da Praia. A banda do Norte mantén esta denominación ata chegar case ao final do areal, onde se sitúa a zona do Regato e, a continuación, o Viveiro.

As palabras regato, regueiro e rego poden empregarse indistintamente como sinónimas para designar unha corrente de auga pequena. Sobre a súa orixe, algúns autores atribúenlle unha procedencia prerromana a partir da raíz \*rek-. Para outros autores tería orixe no latín *riga*, que habería que poñer en relación co propio verbo latino *rigare* ‘regar’.

En Redondela atopamos O Regato das Matutas en Saxamonde, aínda que os máis abundantes no noso concello son os formados con Regueiro e Regueira: O Regueiro da Feixa (Cedeira), A Poza da Regueira (Cedeira), O Cocho da Regueira (Chapela), O Regueiro do Porto (Quintela), Muíño do Regueiral (Saxamonde) etc.

## O Resío (O Carballiño)


O resío, na topografía, é a franxa de terreo que bordea o lindeiro dunha propiedade. Tamén se denomina resío o espazo que bordea a casa.

A orixe desta palabra está no latín *residuu* ‘residuo, resto’.

Non debemos confundir esta palabra coa que denomina as pingas que deposita a humidade da noite, que, ademais de resío, tamén se lle pode chamar orballo ou rosada.

O topónimo Resío para referirse aos terreos está rexistrada en case un centenar de lugares en Galicia.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo, escrito con “z”, o que indica a existencia dunha contracción fonética: ao interpretar o “s” como un seseo, moitos falantes convierten o “s” en “z”, como ocorre en palabras actuais como \*zalouco en lugar da normativa salouco, ou \*pallazo en lugar de pallaso etc.



## Rial (O Coto)

O topónimo Rial non ten unha interpretación doada neste caso. A maioría dos autores identifican a orixe desta palabra no latín *rivale* ‘á beira dun río’, derivada do latín *rivu* ‘río’.

Outros autores tamén fan derivar este topónimo do latín *regale* ‘real’, derivado do latín *rege* ‘rei’. Neste caso podería indicar posesión do rei, en particular o paso dun “Camiño Real”, vía de comunicación construída a cargo do Estado.

O lugar de Rial cumpriría, en principio, coas dúas condicións: está próximo ao río Pexegueiro, que é a principal corrente fluvial desta pequena bacía hidrográfica á ría, os demais son regatos; por outra banda, Rial tamén se atopa á beira do antigo camiño real de Redondela a Pontevedra.

Existen outros dous lugares co nome de Rial en Negros e Saxamonde.

En Galicia están rexistrados máis de cincocentos lugares con este topónimo.

O nome de Rial xa aparece nun documento de 1619 referido ao lugar actual.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, tamén aparece rexistrado en Cesantes este topónimo.

42. ... Estrada delabrado Regadio en el  
sitio de Rial desta de la Casa de Sebastian Rez





## O Ribeiriño (San Pedro)


Ribeiriño é un derivado diminutivo da palabra ribeiro, un topónimo que procede do latín *ripariu*, que vén de *ripa* ‘beira, ribeira.’ Ribeiro ou Ribeira nomea lugares que están próximos a un río ou á beira do mar, como este lugar de Cesantes.

O termo latino *ripa* foi ampliado na maior parte dos territorios co sufixo *-aria*, *-ariu*, co que se obtivo o derivado *riparia*, *ripariu*, do que procede ribeira, ribeiro ‘franja de terra na marxe do mar ou dun río.’

A terminación *-iño* é un sufixo que procede do latín *-inu*. Durante os primeiros séculos da implantación do latín no territorio galaico, o sufixo diminutivo predominante era *-elo*, *-ela*, aínda hoxe con notable presenza na nosa toponimia, mais a partir do século XI o sufixo diminutivo predominante pasou a ser *-iño*, hoxe en día xa case única na derivación de calquera palabra ao seu correspondente diminutivo.

En Galicia están rexistrados máis de catrocentos lugares co topónimo Ribeiro e derivados.

Xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo nun troco de bens en 1681 e no *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763.



## A Rochela (O Carballiño)

A Rochela é un topónimo formado a partir da palabra rocha, que en galego actual é sinónimo de roca.

Algúns autores pensan que ten a súa orixe no latín medieval *rocca*. Hai tamén autores que postulan que a palabra é prerromana e que se incorpora ao latín medieval posteriormente. En latín clásico existía a voz *rupes* ‘rocha, penedo’, que outros autores pensan que puido derivar ata transformarse na actual palabra roca/rocha. En definitiva, unha palabra tan popular e estendida pola Europa occidental ten unha orixe incerta que motiva diferentes teorías ao respecto.


A terminación *-ela* é un sufixo diminutivo que se refire ao seu tamaño pequeno. Durante os primeiros séculos da implantación do latín no te-



rritorio galaico, o sufixo diminutivo predominante era -elo, -ela, aínda hoxe con notable presenza na nosa toponimia, mais a partir do século XI o sufixo diminutivo predominante pasou a ser -iño, hoxe en día xa case única na derivación de calquera palabra ao seu correspondente diminutivo.

En Galicia constátanse sobre unha vintena de topónimos Rochela, Rochelo e con dobre sufixación diminutiva Rocheliña.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo.




## A Roleira (Outeiro das Penas)

Hai máis dunha posibilidade para o significado deste topónimo. Por unha parte, pode derivar do nome da ave coñecida como rola, de igual xeito a como ocorre con nomes de lugares onde viven ou se acubillan animais: corveira, toupeira, teixugueira...

Por outra parte, tamén podería ser variante de roleiro, roeiro: nuns lugares é sinónimo de arró, cómaro, comareiro; noutros lugares é sinónimo de leira, franxa de terra estreita ou pequena; noutros sitios é sinónimo de ribazo, rebouza, terreo en pendente ou en caída (rolar: rodar por unha pendente).

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo.



## A Rotea (O carbaliño)


Ten o significado de 'terras que se comezan a labrar despois de rozar e queimar o monte'.

Mediante este labor, deforestábase o monte queimándoo para cultivar. Rotea ou Arrotea, Cachada, Rozada, Cavada, Vesada, Estibada, Asucada, Noval... son topónimos que conservamos na actualidade relacionados coas diferentes formas de chamarlle a ese labor. Un traballo que cobrou unha especial intensidade a partir do século XVII coa implantación cada vez maior dos novos produtos chegados de América.


Rotea pode provir do verbo coloquial latino *\*ruptiare*, co significado de ‘cortar, rozar’, derivado do verbo latino *rumpere* ‘romper’. Curiosamente, no *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas* empregábase este verbo “romper” para significar o que hoxe son as roteas: “El mismo ferrado de los [montes] abiertos comunes de primera calidad se pueden **romper** de veinte a veinte años...”. Do verbo *\*ruptiare* provén tamén a palabra actual rozar, coa que podemos relacionar os substantivos roza e rozada.

Para Cesantes, no *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas* de 1763 aparece escrito de dúas formas: A Rotea e A Arrotea.

Estas dúas variantes, Rotea e Arrotea, aparecen recollidas en máis de douscentos lugares de Galicia. En Redondela tamén está presente na parroquia de Reboreda.



5. ... Otrapeza de labrado se  
canso al vicio da Rotea sembrada



20. ... Otrapeza de terra labrada  
Regadio al vicio da arrotea sem

## A Rúa do Alto (O Carballiño)

A Rúa do Alto denomina na actualidade o vieiro que comunica o barrio do Carballiño co Alto de Ostrás.

A palabra rúa, na antigüidade, denominaba os camiños de carro, e deste senso provén por exemplo o refrán tradicional que di “Quen testa na rúa sérvese pola súa”, en referencia a que quen ten unha propiedade que dá a un camiño non necesita servirse do dereito de paso polas propiedades doutros veciños.


Mais para a denominación de lugares concretos, a palabra rúa tamén pode referirse a un grupo de casas dispostas ao longo dun vieiro.

O Alto, refírese ao que hoxe denominamos o Alto de Ostrás, onde se atopa o núcleo principal de Cesantes, ao carón da estrada nacional N-550. Polo tanto a Rúa do Alto denominaría a agrupación poboacional que se atopa neste lugar. Un referente elevado con respecto ás terras que descenden cara ao mar.

Rúa provén do latín *ruga*, que significaba nun principio ‘suco, engurra’ e que no latín medieval pasou a denominar tamén os camiños, quizais pola semellanza a sucos practicados na topografía. As palabras rugoso e rugosidade, por exemplo, tamén proveñen do latín *ruga*.

En Reboreda temos o lugar chamado Rúa Alta.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo como “Rúa do Alto”.



## Saiñas (Outeiro das Penas)

Este topónimo, situado preto da Punta da Praia, fai referencia á existencia no lugar dunhas antigas saíñas ou salinas, espazo destinado á obtención de sal mediante o encoramento e evaporación da auga do mar.

Esta palabra ten a súa orixe no latín *salinas*, forma feminina do adxectivo *salinu*, derivado á súa vez da palabra *sale* ‘sal’ mediante o sufixo latino *-inu*. Esta terminación latina foi moi produtiva na creación de palabras (tanto substantivos como adxectivos derivados de substantivos) para expresar, entre outras, pertenza ou relación (caprino, beneditino), orixe (alacantino, chantadino) etc.


Saiñas é unha palabra máis antiga ca salinas, xa que observamos que presenta a perda do L intervocálico, fenómeno que se produciu no paso do latín ao galego. A palabra salinas foi unha incorporación posterior ao idioma.

Este topónimo aparece rexistrado en Galicia nuns sesenta lugares.

O topónimo Saiñas que temos en Cesantes, preto do mar, é un vestixio moi importante na actualidade da referencia á existencia dunhas

salinas no noso concello. Isto serve para evidenciar que aínda que unha actividade como foi na antigüidade a extracción de sal desaparecese, quedou o nome do lugar onde se realizaba como testemuño da súa existencia. Outras salinas próximas a nós son as de Ulló, no concello de Vilaboa.

No documento de *Foros que fai Urraca de Moscoso*, de 1548, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo, así como no *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763.



## O Sobreiro (Outeiro das Penas)

Sobreiro é a denominación pouco frecuente en masculino da árbore que de forma maioritaria e normativa se chama sobreira en Galicia.

Tanto sobreiro como sobreira (*Quercus suber*) proveñen do latín *suberaria*, derivado á súa vez do latín clásico *suber*. O termo latino *suber* foi ampliado na maior parte dos territorios co sufixo *-aria*, *-ariu*, co que se obtivo o derivado *suberaria*, *suberariu*, do que procede sobreira, sobreiro. O sufixo latino *-ariu*, *-aria* derivou en galego en *-eiro*, *-eira* e aplicouse a moitos e variados conceptos do noso léxico, entre eles os nomes das árbores: laranxeira, limoeiro.

Normalmente nomea árbores illadas. Cando aparecen formando un bosque as denominacións colectivas que se empregan de forma maioritaria por Galicia son sobral (sobre o latín clásico *suber*), sobreiral, sobredo e mesmo Sobroso e Sobrosa.

En Redondela están recollidos Sobreiro en Cedeira e O Viso, e As Sobrosas en Saxamonde.

En Galicia están rexistrados máis de cincocentos lugares como topónimos a partir do nome desta árbore.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo.



8. . . . . Inapexa de terra labrada de regadio al riuo do Sobreo haze lanona

## O Tanque (San Pedro)



Os topónimos que teñan a denominación Tanque poden referirse a varios conceptos: por unha banda nomea estanques de auga para a rega. Tamén pode identificar depósitos para conter grandes cantidades de auga. E denomina así mesmo lavadoiros de roupa, como ocorre, neste caso, co que se atopa no barrio de San Pedro.

Para todas estas acepcións a base léxica estaría na palabra estanque, con perda da sílaba inicial. En canto á orixe da palabra, para algúns autores podería estar nun termo prerromano céltico \*ektanco 'suxeitar, reter' que pasaría ao latín coloquial como \*extancare, na súa forma verbal.

Na parroquia de Negros tamén temos un lugar denominado O Tanque.

En Galicia rexistramos topónimos similares a este como O Tanque (Vigo, Moaña, Celanova, A Rúa), O Tanque Lavandeiro (Ramirás), Tanque do Eiró (Entrimo), Tanque do Pacio (A Pobra de Trives), O Tanque das Campinas (Bande), Tanque das Poulas de Retortoiro (Quintela de Leirado) etc.


## A Telleira (San Pedro)



O monte da Telleira recibe o nome do lugar de produción de tella que existía neste sitio e do que aínda se conservan fornos e pías para a súa fabricación. As primeiras referencias documentais sobre a existencia desta telleira é de finais do século XVIII.

A palabra tella provén do latín *tegula*, ao que se lle engadiu o sufixo latino *-aria*, o que deu *tegularia*. A terminación en *-eiro*, *-eira*, procedente do latín *-ariu*, *-aria*, é un sufixo moi empregado na derivación de palabras e que lles proporciona distintos significados; neste caso, para denominar lugares salientados por algunha actividade arredor do elemento ao que se refiran: canteira, barreiro, pedreira, pesqueira etc.

En Redondela atopamos o camiño das Telleiras en Vilar de Infesta. No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes o topónimo O Telleiro, que non sabemos precisar se se refire concretamente a este lugar, mais que nos dá conta da antigüidade desta actividade e a súa pegada na toponimia.



4. . Unapieza de tella labrada de Secano al  
sitio do telleiro hazela terceira parte de un fezo.

## Torre de Calle (San Pedro)

Non ten unha clara interpretación este topónimo, xa que aparecen dous substantivos, Torre e Calle, que teñen unha relación ambigua entre elas, xa que non están unidas pola contracción “da”, que tería o sentido de “Torre da Calle”, aínda co emprego do castelanismo “calle”.





Tamén existe a posibilidade de que a palabra Calle se refira a un apelido. En 1581 aparece un testamento que fai referencia a un veciño de San Pedro de Cesantes chamado Lorenzo de Calle. Este apelido aparece en varios documentos dos séculos XVI e XVII en Redondela (fonte: Juan Migueles, *Anecdotario Redondelán*).

No núcleo de casas que conforman o lugar de Torre de Calle existe unha casa brasonada na que se poden observar dous escudos. Un deles pertence ás familias dos Araújo, Ozores, Aldao



e Valladares. O outro escudo leva os emblemas das familias dos Castro e dos Aldao. (Imaxe do escudo: [www.anecdotarioredondelan.com](http://www.anecdotarioredondelan.com)).

No documento titulado Foro que fai Teresa de Sotomayor a Gregorio de Paredes, de 1572, aparece rexistrado como “De Calle”. Coa súa forma completa, Torre de Calle aparece no *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763.



## A Trigueira (O Coto)

A palabra trigueira é un derivado de trigo, ten a súa orixe no latín *triticu*, que procede de *tritu*, participio do verbo de *terere* ‘mallar, triturrar’. A palabra trigo conservouse en galego, portugués, castelán e sardo, principalmente. Outros idiomas adoptaron outras palabras: o catalán *blat*, o francés *blé*, ambas de orixe céltica; ou o italiano *frumento* e *grano*, de orixe latina.

A terminación en -eiro, -eira procede do latín *-ariu*. Trátase dun sufixo moi empregado na derivación de palabras e que lles proporciona distintos significados. Por exemplo, para denominar árbores e plantas: laranxeira, limoeiro, meloeiro, figueira etc. A maiores doutras posibles derivacións, no caso da palabra que nos concirne, Trigueira, o sufixo -eiro e -eira engade sentido de abundancia ou colectivo, como en carballeira, xesteira, herbeiro etc.

En Galicia atopamos varios centenaes de topónimos con diversas variantes: Trigo, Trigueira, Trigueiriña, Trigais, Trigás, Trigariza...

En Redondela temos o topónimo Trigueira en Cedeira, Negros e Saxamonde, ou A Chan do Trigo en Cedeira.

Este topónimo aparece no século XVI nun *Foro a Pedro de Regadas*, de 1544. Tamén está recollido no *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo.

6. . . . . Outra labradia de Regas  
do al. . . . . da traxectoria haxem

## Vagón (San Pedro)



O nome de lugar Vagón é un antroponímico, é dicir, un topónimo que provén dun nome de persoa: Manuel Uhagón (1809-1882), enxeñeiro e político vasco que chegou a ser senador por Pontevedra entre 1877-1880. En 1872 comprou a propiedade que se denominaba Sobral (lugar poboado de sobreiras) e que agora leva o seu nome como Lugar de Vagón e estableceu nela a súa residencia familiar.

Manuel Uhagón está enterrado no cemiterio vello dos Eidos en Redondela.

Fonte e información ampliada na web: Juan Migueles, *Anecdótico Redondelán*.

## O Valado de Arriba (Outeiro das Penas)


Un valado ou valo é un muro de peche ou cerramento, normalmente de pedra. De forma xeral, valado tamén nomea os muros de contención entre socialcos.

A palabra valado deriva de valo e ten a súa orixe no latín *vallu* 'muro, valo, estacada'. *Vallatu* 'cercado, valado' é o participio do verbo *vallare* 'cercar, protexer cun valo'.

En Galicia é un topónimo moi abundante, con centos de localizacións e variantes todo o territorio: Valadares, A Valada, Valadiña, Os Valadosos, Suvalado, O Valadeiro...

En Redondela atopamos Os Valos (Saxamonde), A Valada (Cabeiro, Saxamonde), Valadiñas (Cedeira).

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes o topónimo O Valado.



## Veiga de Arriba / de Abaixo (San Pedro)

Unha *veiga* é un terreo de cultivo, fértil e con auga. O sinónimo máis inmediato que manexamos é *leira* para designar os campos de cultivo.


A orixe da palabra *veiga* é prerromana. Para algúns autores viría do ibero *vaika* 'veiga' derivada do substantivo *vai* 'río' co sufixo *-ka* 'zona do río'. Para outros estudosos pode provir da composición (terra) *ibai-ka* 'terreo á beira dun río'. En éuscaro actual, río dise *ibai*; en castelán temos a palabra *vega* con significado similar ao galego.

É habitual que o topónimo *Veiga* apareza acompañado dunha palabra que identifique con maior precisión tanto as súas características como a súa localización. Neste caso *Veiga de Arriba* sitúaa con respecto a outras propiedades.

En Galicia rexístranse milleiros de topónimos con esta denominación por todo o noso territorio.

En Redondela o topónimo *Veiga* conta con moita presenza: Cedeira, Negros, Quintela, Reboreda, Saxamonde (onde tamén atopamos o diminutivo *Ponte da Veiguiña*).

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparecen rexistrados en Cesantes estes dous topónimos.



## A Veiga do Eido (San Pedro)

Unha *veiga* é un terreo de cultivo, fértil e con auga. O sinónimo máis inmediato que manexamos é *leira* para designar estes campos de cultivo.

A orixe da palabra *veiga* é prerromana. Para algúns autores viría do ibero *vaika* ‘veiga’ derivada do substantivo *vai* ‘río’ co sufixo *-ka* ‘zona do río’. Para outros estudiosos pode provir da composición (terra) *ibai-ka* ‘terreo á beira dun río’. En éuscaro actual, río dise *ibai*; en castelán temos a palabra *vega* con significado similar ao galego.

É habitual que o topónimo *Veiga* apareza acompañado dunha palabra que identifique con maior precisión tanto as súas características como a súa localización. Neste caso *Veiga do Eido* sitúaa dentro dun terreo, un *eido*, cunha dimensión maior.

O topónimo *Eido*, pola súa banda, refírese ao terreo que arrodea a casa e forma a propiedade do predio. Normalmente contén a casa, as construcións anexas, os patios e unha zona de horta para cultivos variados. De aí que o topónimo *A Veiga do Eido* faga referencia a un campo de cultivo que está dentro dun *eido*.


A palabra *eido* provén do latín *aditu* ‘engadido’, participio do verbo *adire* ‘engadir’, como referencia ao terreo que envolve a casa.

Igual que sucede con *Veiga*, o topónimo *Eido* tamén vai acompañado normalmente de palabras que particularizan a súa localización, os seus posuidores ou as súas características: *Eido do Souto* (Quintela), *O Eido Novo* (Quintela), *O Eido da Caseira*.

En Galicia rexístranse milleiros de topónimos con denominacións que conteñen as palabras *veiga* e *eido* por todo o noso territorio.

En Redondela os topónimos *Veiga* e *Eido* conta con moita presenza: *Cabeiro*, *Cedeira*, *Negros*, *Quintela*, *Reboreda*, *Vilar de Infesta* ou *Saxamonde*.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo.



## As Veigas de Ribas (O Coto)

Este topónimo nomea un conxunto de campos que están próximos ao río Pexegueiro

Unha veiga aparece definido no Dicionario da Real Academia como un terreo baixo, amplo e fértil, xeralmente ás beiras dun río. O sinónimo máis inmediato que manexamos é leira para designar os campos de cultivo.

A orixe da palabra veiga é prerromana. Para algúns autores viría do ibero *vai*ca ‘veiga’ derivada do substantivo *vai* ‘río’ co sufixo *-ka* ‘zona do río’. Para outros estudiosos pode provir da composición (terra) *iba*ika ‘terreo á beira dun río’. En éuscaro actual, río dise *ibai*, en castelán vega.

É habitual que o topónimo Veiga apareza acompañado dunha palabra que identifique con maior precisión tanto as súas características como a súa localización.

En Galicia rexístranse milleiros de topónimos con esta denominación por todo o noso territorio.

En Redondela o topónimo Veiga conta con moita presenza: Cedeira, Negros, Quintela, Reboreda, Saxamonde (onde tamén atopamos o diminutivo Ponte da Veiguiña).

Con respecto a Ribas, nos mapas municipais tamén aparece alternando nesta zona coa forma Arribas (Fonte de Arribas, Ponte de Arribas (sobre o río Pexegueiro)). Este topónimo procedería do latín *ripa* ‘ribeira’, motivado pola súa proximidade ao río Pexegueiro.

En Galicia aparecen máis de cincocentos topónimos baixo calquera das dúas formas: Ribas ou Arribas.

## Vilela (O Coto)

Esta palabra é un diminutivo do latín *villa* (pronunciado con dobre L), ao que se lle engadiu o sufixo diminutivo latino *-ella* (pronunciado




tamén con dobre L). Durante os primeiros séculos da implantación do latín no territorio galaico, o sufixo diminutivo predominante era -elo, -ela, aínda hoxe con notable presenza na nosa toponimia, como pode observarse neste caso, mais a partir do século XI o sufixo diminutivo predominante pasou a ser -iño, -iña, hoxe en día xa case única na derivación de calquera palabra ao seu correspondente diminutivo.

Unha *villa* era a denominación que recibía tanto unha explotación agro-gandeira da época medieval que houbera neste lugar do Coto, como unha pequena poboación rural.

No *Memorial de bens de San Pedro de Cesantes pertencentes a Baiona e Santa Clara* (1570-1587), xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo.

En Galicia están rexistrado arredor de cento cincuenta lugares con esta denominación.



## O Vimbieiro (O Carballiño)



O vimbieiro (*Salix criminalista*) é un arbusto abundante en Galicia e que recibe diferentes nomes: vimbieira, vimieiro ou vimeira. As pólas reciben o nome de vimbios, vimbias, vimios ou vimes. A orixe do topónimo Vimbieiro está no latín *viminariu*, derivado á súa vez do latín clásico *vimine*.

O termo latino *vimine* foi ampliado na maior parte dos territorios co sufixo *-aria*, *-ariu*, co que se obtivo o derivado *viminaria*, *viminariu*, do que proceden as diferentes variantes expostas ao principio. O sufixo latino *-ariu*, *-aria* derivou en galego en *-eiro*, *-eira* e aplicouse a moitos e variados conceptos do noso léxico, entre eles os nomes das árbores: laranxeira, limoeiro.

En Galicia están rexistrados máis de oitenta topónimos con calquera das catro variantes referidas arriba.



## A Viña Vella (O Carballiño)

Unha viña é unha plantación de vides ou videiras, proporciona o viño da casa e o que se vai destinar para a comercialización nas propiedades con maior produción.

A palabra viña provén do latín *vinea* ‘plantación de videiras’.


O topónimo Viña vai acompañado normalmente de palabras que particularizan a súa localización, os seus posuidores ou as súas características: A Viña Ancha (Quintela), As Viñas de Abaixo (Arteixo), As Viñas do Marelo (Castrelo do Val).

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas* de 1763 aparecen topónimos como As Viñas, As Viñas de Arriba, As Viñas de Abajo, Viña Vella, Viñiña, Viñiña Vella.

É un topónimo moi habitual por toda Galicia, con milleiros de formas e composicións.

Pola súa parte, a palabra Vella provén do latín *vetus* ‘vello’ ao que se lle engadiu o sufixo diminutivo latino *-ulu*, *-ula*, o que deu *vetulu*, *vetula*, de onde proveñen os actuais vello, vella. Este sufixo levou a un resultado evolutivo semellante noutras palabras como *oculu* > ollo, *especulo* > espello, *articulu* > artello etc.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo.



## A Xesteira (O Coto)

Unha xesteira é un lugar poboado de xestas. A palabra xesta provén do latín *genesta*. A forma xesteira procede dun derivado da anterior a partir do sufixo *-aria*, *genestaria*.

Na súa evolución, esta palabra perde o *-N-* intervocálico, como lle ocorre a moitas outras palabras antigas do noso idioma: lúa (lat. *luna*), mosteiro (lat. *monasteriu*), soar (lat. *sonare*) etc.


A terminación en -eiro, -eira procede do latín *-ariu*, *-aria*. Trátase dun sufixo moi empregado na derivación de palabras e que lles proporciona distintos significados. Por exemplo, para denominar árbores e plantas: laranxeira, limoeiro, meloeiro, figueira etc.

A maiores doutras posibles derivacións, no caso da palabra que nos concirne, Xesteira, o sufixo -eira engade sentido de abundancia ou colectivo, como en carballeira, trigueira, herbeiro etc.

O topónimo Xesteira presenta en Galicia variantes como Xesteiriña ou o masculino Xesteiro e Xesteirón. A palabra xesta aparece por toda Galicia con todas as súas variantes en milleiros de topónimos: Xestido, Xestedo, Xestoso, Xestais, Xestás, Xestoselo...

En Redondela atopamos: As Xestas (Cedeira), O Xestal (Cabeiro, Negros), Xesteira (Cedeira).

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo baixo a forma de “Jiesteira”.



## Xote (O Coto)



Este topónimo provén dun nome de persoa. En ocasións as denominacións de territorios (lugares, barrios, parroquias etc.) teñen a súa orixe no nome da persoa propietaria, como ocorre con Zacande (con


orixe no nome xermánico Sisacandus), en Cesantes, ou co barrio de Souto Xuste (do nome latino Iustus ‘Xusto’), na parroquia do Viso.

O nome Xote aparece rexistrado no século XI nunha relación de monxes do mosteiro de San Pedro de Rochas, en Ourense, baixo a forma Iote, ao caron doutro nome como Iusto.

Do século XIII é unha inscrición en latín nunha obra do pintor italiano Giotto que trae o seu nome en latín, Iottus, forma latina que estaría na base do noso topónimo Xote.

Na documentación relativa a Cesantes, aparece rexistrado no século XVI e posteriores baixo a forma castelanizada Jote.

Nesta mesma documentación tamén aparece o río Pexegueiro baixo a denominación de río de Xote, neste treito, e a fonte de Xote, referida á que hoxe se coñece como fonte de Ribas.



## Zacande (San Pedro)



Estamos ante un posible antropónimo, é dicir, un nome de lugar que provén do nome dunha persoa. En ocasións as denominacións de territorios (lugares, barrios, parroquias etc.) teñen a súa orixe no nome da persoa propietaria, como ocorre con Xote (con orixe no nome latino

Iottus), no barrio do Coto, ou coa denominación do barrio de Souto Xuste (do nome latino Iustus ‘Xusto’), na parroquia do Viso.

No ano 885 aparece rexistrado o nome xermánico Sisacandus, que chega a nós latinizado a través da súa forma do xenitivo Sisacandi. A partir desa forma latina, o nome sofre unha redución perdendo a súa primeira sílaba e a terminación -i pasa a -e, como ocorre normalmente na evolución dos xenitivos latinos.


O xenitivo era a forma da palabra (denominada caso) que se empregaba para indicar, entre outros, o significado de posesión. Deste xeito, unha forma léxica Sacandi referiríase a un territorio que pertencía a unha persoa chamada Sacandus.

Na documentación sobre Cesantes a partir do século XVI aparecen distintas variantes deste topónimo: Secande, Sacande, Zacande.

A forma actual Zacande con z é o resultado dunha contracción fonética que se produciu a partir da aparición na lingua deste novo son. Nalgunhas palabras que se pronunciaban con s, interpretábase este son como un seseo que as persoas tentaban corrixir adaptándoas ao novo son z. Un fenómeno fonético aínda hoxe presente na lingua en palabras como \*zalouco en lugar de salouco, \*pallazo en lugar de pallaso etc.

No concello de Meis, no Salnés, excite tamén un lugar chamado Zacande.

No *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas*, de 1763, xa aparece rexistrado en Cesantes este topónimo baixo a forma de “Sacande”.



## Bibliografía

- Álvarez Pérez, Marta: *Toponimia do Val de Fragoso: Bembrive, Vigo*: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2019.
- Antomil Pérez, Daniel: *Odonimia de la provincia de Pontevedra 3: Redondela*.
- Ares Vázquez, Nicandro: *Estudos de toponimia galega*, Real Academia Galega, 2011.
- Cabeza Quiles, Fernando: *Os nomes de lugar*, Xerais, Vigo, 1992.
- Cabeza Quiles, Fernando: *Toponimia da Estrada*, Real Academia Galega, 2018.
- Cabeza Quiles, Fernando: *Toponimia de Carballo*, Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada, 2020.
- Cabeza Quiles, Fernando: *Toponimia de Ribeira*, Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada, 2022.
- Carrasco, Lorena e Navaza, Gonzalo: *Toponimia do Val de Fragoso: Beade*, Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2014.
- Concello de Pontecesures: *Os nomes de lugar en Pontecesures*.
- Coromines, Joan, *Breve diccionario etimológico de la lengua castellana*, Ed. Gredos, Madrid, 1987.

- De Miguel, Raimundo, Marqués de Morante: *Nuevo diccionario latino-español etimológico*, Impr. F. A. Brockhaus, Leipzig, 1867.
- Del Col, José J.: *Diccionario español-latino*, Instituto Superior “Juan XXIII”, Bahía Blanca, 2007.
- Dondin-Payre, Monique: *Les noms de personnes dans l’Empire romain*, Ausonius Éditions, Bordeos, 2011.
- Ferreiro Fernández, Manuel: *Gramática histórica galega*, Ed. Laiovento, 1996.
- Ferreiro Fernández, Manuel: *Gramática histórica galega. I Fonética*, Ed. Laiovento, 1999.
- Ferreiro Fernández, Manuel: *Gramática histórica galega. II Lexicología*, Ed. Laiovento, 1997.
- Ferro Devesa, Laura: *Toponimia do Concello de Friol*, 2016.
- Gómez, Lidia e Méndez, Luz (2022): *Toponimia de Tordoa*, Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada.
- Junta de la Única Contribución (España): *Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de San Pedro de Cesantes (Reboreda, Tui), efectuado por decreto de diciembre de 1760 para el establecimiento de la Única Contribución, 1763-07-30, San Pedro de Cesantes (Redondela, Pontevedra, España)*.
- López Boullón, X. Ramón: *Toponimia de Ames*, Real Academia Galega, 2019.
- Lorenzo Baleirón, Manuel: *Toponimia de Dodro e de Laiño. Os nomes da auga*.
- Luna, Aránzazu e Navaza, Gonzalo: *Toponimia do val do Fragoso. Valadares*, Universidade de Vigo, 2022.
- Marqués Valea, Xulia: *Toponimia da Pontenova*, Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada, 2021.
- Marqués Valea, Xulia: *Toponimia de Trabada*, Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada, 2018.
- Martínez Lema, Paulo: *A toponimia das comarcas de bergantiños, fistera, soneira e xallas na documentación do tomo de toxos outos (séculos XII-XIV)*, Universidade de Santiago de Compostela, 2010.



- Martínez Lema, Paulo: *Toponimia de Begonte e Rábade*, Real Academia Galega. Colección Terra Nomeada, 2018.
- Méndez, Luz: *Toponimia de Agolada*, Real Academia Galega, 2016,
- Meyer-Lübke, W.: *Sammlung Romanischer Elementar-Und Handbücher*, Heidelberg, 1911.
- Millán González-Pardo, Isidoro: *Toponimia de Ponteceso y de su municipio*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- Ministerio de Cultura (2004-): *Catastro de Ensenada (1750-1754)* [web]. [Madrid]: PARES.
- Moralejo, Juan José: “Hidrónimos galaicos con sufijo -antia”, en *Acta Paleohispánica IX*, 2005.
- Moralejo, Juan José, “Topónimos célticos en Galicia”, en *Serta Paleohispánica J. de Hoz* 2010.
- Moralejo Laso, Abelardo: *Notas acerca da hidronimia galega*, Universidade de Santiago.
- Nascentes, Antenor: *Dicionário etimológico da lingua portuguesa*, Rio de Janeiro, 1955.
- Navaza, Gonzalo: *Fitotoponimia galega*. Biblioteca Filolóxica Galega. Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2006.
- Navaza, Gonzalo: *Toponimia de Catoira*. Catoira, Concello de Catoira, 2007.
- Navaza, Gonzalo: *Reboreda. Os camiños da identidade*, Sociedade L. Cultural de Reboreda, 2000.
- Navaza, Gonzalo: *Toponimia municipal. Os nomes dos concellos da provincia da Coruña*, Real Academia Galega, 2021.
- Nogueira Fernández, Olga, *Toponimia de Ventosela*, Concello de Redondela, 2024.
- Pol, María: *Toponimia de Cedeira*, Concello de Redondela, 2023.
- Pol, María: *Toponimia de Chapela*, Concello de Redondela, 2024.
- Pol, María: *Toponimia de Quintela*, Concello de Redondela, 2023.
- Pol, María: *Toponimia de Saxamonde*, Concello de Redondela, 2023.

- Represas, Cora: *Toponimia de Cabeiro*, Concello de Redondela, 2022.
- Represas, Cora: *Toponimia de Negros*, Concello de Redondela, 2022.
- Represas, Cora: *Toponimia de Vilar de Infesta*, Concello de Redondela, 2022.
- Rodríguez González, Afonso Salvador (2019): *Toponimia do Val de Fragoso: Candeán*, Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2019.
- Rodríguez Lemos, Anxo: *Toponimia do Val do Fragoso: Comesaña*, Universidade de Vigo, 2018.
- Sestay Martínez, Iván: *Toponimia do Val do Fragoso: Coia*, Universidade de Vigo, 2008.
- Sestay Martínez, Iván: *Toponimia do Val do Fragoso: Freixeiro e Sárdoma*, Universidade de Vigo, 2015.
- Sestay Martínez, Iván: *Toponimia do Val do Fragoso: Lavadores*, Universidade de Vigo, 2010.
- Sobral Crespo, Francisco X.: *Alcuños de Redondela*, Ed. Cardeñoso, 2003.
- Vázquez García, Carlos e Boullón Agrelo, Ana Isabel: *Toponimia do concello de Lugo*, Universidade de Santiago de Compostela, 2014.

## Índice de topónimos

Microtoponimia de Cesantes .....	7
Abilleira/Abelleira (Outeiro das Penas).....	7
Agrelo (O Coto) .....	8
As Ánimas (Outeiro das Penas).....	9
Antreleiras (O Carballiño) .....	10
O Areeiro (Outeiro das Penas) .....	11
O Arxón (Outeiro das Penas).....	12
A Banda da Maré (O Coto).....	13
Banda do Norte (Outeiro das Penas) .....	13
O Barcelo (O Carballiño) .....	14
A Barra (San Pedro).....	14
A Barreira (San Pedro) .....	15
Barreiros (San Pedro) .....	16
Os Barreiros (San Pedro).....	16
A Barronca (O Carballiño) .....	17
A Bouza Fría (San Pedro) .....	18
Cabo da Serpe (Outeiro das Penas) .....	19
As Cacharelas (O Carballiño) .....	20
O Campiño (O Carballiño) .....	21
O Campo do Medio (San Pedro).....	22
O Campo dos Frades (O Carballiño).....	22
Os Campos Abertos (San Pedro).....	24

Os Campos da Ribeira (Outeiro das Penas) .....	25
O Cano (Outeiro das Penas) .....	25
Canota (San Pedro) .....	26
O Cañoto (San Pedro) .....	26
A Canteira (O Coto) .....	27
A Carballa da Auga (Outeiro das Penas) .....	28
A Carballeira (Outeiro das Penas) .....	28
O Carballiño .....	29
A Caringosta (O Coto) .....	30
Casal do Eido (O Coto) .....	30
O Castañal (San Pedro) .....	31
Os Castiñeiros (Outeiro das Penas) .....	32
Catapeixe (San Pedro) .....	33
A Cavada (O Coto) .....	33
O Cerqueiro (O Coto) .....	34
Cesantes .....	35
A Chan (San Pedro) .....	36
O Cocho (O Carballiño) .....	36
As Codeseiras (Outeiro das Penas) .....	37
O Convento (O Coto) .....	37
O Coruxo (O Coto) .....	39
O Coto (O Coto) .....	39
Couto do Mexo (O Carballiño) .....	40
A Cova (San Pedro) .....	40
A Cova da Serpe (Outeiro das Penas) .....	41
A Coviña (Outeiro das Penas) .....	42
Os Eidos (San Pedro) .....	42
Eido da Moura / Outeiro da Moura (Outeiro das Penas) .....	43
A Eira Vella (Outeiro das Penas) .....	44
A Eiriña (O Carballiño) .....	45
O Empalme (O Coto) .....	46
O Esteiro (O Coto) .....	46
O Esteirón (Outeiro das Penas) .....	47
Estremadura (Outeiro das Penas) .....	47
A Ferreira (San Pedro) .....	48
As Folgosas (O Coto) .....	48
Fonte .....	49
O Picho (San Pedro) .....	50

Fonte Virtú (O Coto) .....	51
O Foro (San Pedro) .....	52
A Furna (Outeiro das Penas) .....	52
O Gurgullón (O Coto).....	53
A Gurita (San Pedro).....	54
A Insua (O Coto) .....	54
O Lago Morto (San Pedro) .....	55
A Lagoa (O Coto) .....	55
As Lagoas (Outeiro das Penas) .....	56
A Laxe / As Laxes (O Coto) .....	57
A Leira (O Carballiño) .....	57
As Leiras (Outeiro das Penas).....	58
O Lombo (O Coto).....	58
O Loural de Abaixo / de Arriba (Outeiro das Penas) .....	59
O Matadeiro (San Pedro) .....	60
A Mellora (O Carballiño) .....	60
A Milleira (O Coto) .....	61
A Mina (Outeiro das Penas) .....	62
A Minada (O Coto).....	62
Monte Cabaleiro (Outeiro das Penas).....	63
Monte Pousado (O Coto) .....	63
A Monteira (Outeiro das Penas).....	64
O Nogueiral (San Pedro) .....	65
Novás (O Carballiño) .....	65
Ostrás (Outeiro das Penas) .....	66
Outeiro das Penas.....	67
A Pantalla (O Coto) .....	68
Pedra Branca (San Simón).....	69
A Pedra Rubia (San Pedro) .....	70
Pedrás (O Coto).....	71
Pedras do Castañal (San Pedro).....	72
A Pedreira (San Pedro) .....	73
A Pereira (O Coto) .....	73
O Pereiro (O Coto) .....	74
Petadas (San Pedro).....	75
Río Pexegueiro (O Coto) .....	76
A Porta Levada (O Carballiño).....	77
Porto do Río (San Pedro) .....	78

O Pozo (San Pedro) .....	79
Punta da Canteira (San Pedro).....	79
Punta Sobreiro (Outeiro das Penas) .....	80
O Rabiño (San Pedro) .....	81
A Rampla (O Coto).....	82
O Redondo (O carballiño) .....	82
A Rega (Outeiro das Penas) .....	83
O Regato (Outeiro das Penas).....	83
O Resío (O Carballiño) .....	84
Rial (O Coto) .....	85
O Ribeiriño (San Pedro) .....	86
A Rochela (O Carballiño).....	86
A Roleira (Outeiro das Penas).....	86
A Rotea (O carballiño).....	87
A Rúa do Alto (O Carballiño) .....	88
Saíñas (Outeiro das Penas) .....	89
O Sobreiro (Outeiro das Penas) .....	90
O Tanque (San Pedro) .....	91
A Telleira (San Pedro).....	91
Torre de Calle (San Pedro).....	92
A Trigueira (O Coto).....	93
Vagón (San Pedro) .....	94
O Valado de Arriba (Outeiro das Penas).....	94
Veiga de Arriba / de Abaixo (San Pedro).....	95
A Veiga do Eido (San Pedro) .....	96
As Veigas de Ribas (O Coto).....	97
Vilela (O Coto) .....	97
O Vimbieiro (O Carballiño).....	98
A Viña Vella (O Carballiño).....	99
A Xesteira (O Coto) .....	99
Xote (O Coto) .....	100
Zacande (San Pedro).....	101
Bibliografía.....	103





